

# Os sufixos nominais diminutivos do galego actual

Aquilino S. Alonso Núñez  
*Universidade de Vigo*

## RESUMO

Neste traballo pretendo establecer a lista de sufixos nominais diminutivos productivos do galego actual a partir da miña competencia lingüística, corroborada por textos escritos ou por outros falantes. Examino a orixe e o funcionamento no galego actual, especialmente oral pero tamén escrito, dos sufixos diminutivos descritos na *Gramática galega* de Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, así como doutros que aparecen en descrições lingüísticas galegas, portuguesas e castelás. Uso a etimoloxía e a evolución diacrónica dun sufixo como soporte para a boa explicación sincrónica do galego actual, a cal debe incluír a produtividade de cada diminutivo e excluír os sufixos mortos, os cultos e os non galegos.

**Palabras-chave:** morfoloxía, sufixos, diminutivos, galego, sincronía.

## ABSTRACT

In this paper, I attempt to establish the list of productive diminutive nominal suffixes in present-day Galician drawing from my own linguistic competence, corroborated by written texts or other speakers. I analyse the origin and function, both in spoken and written Galician, of the diminutive suffixes described in Álvarez, Monteagudo & Regueira's *Gramática galega* (1986), and also of others included in Galician, Portuguese, and Spanish linguistic descriptions. I use the etymology and diachronic evolution of a suffix to provide a correct synchronic explanation of present-day Galician, which must include the productivity of each diminutive and exclude those suffixes that are dead, learned, or foreign.

**Keywords:** morphology, suffixes, diminutives, Galician, synchrony.

---

Data de aceptación: xaneiro de 2000.

## 1. INTRODUCCIÓN

A pretensión fundamental deste traballo consiste en establecer a lista de sufixos nominais diminutivos productivos do galego actual e, en consecuencia, non tratarei nin as incompatibilidades semánticas dos sufixos diminutivos coa base, por exemplo con nomes abstractos, nin as incompatibilidades fónicas, por exemplo cos nomes concretos graves terminados en ditongos crecentes (vid. Freixeiro Mato, 1996, pp. 82-94). Tamén quedan fóra do meu estudo tanto os sufixos diminutivos que se soldan a verbos, xerundios, participios, adverbios e cuantificadores coma os sufixos aumentativos. Seguindo a Zuloaga Ospina, 1970, pp. 25-30, non considero auténticos diminutivos os hipocorísticos (*Paco*), os chamados diminutivos analíticos (*libro pequeno*), as lexicalizacións de sufixos diminutivos (*perdigoto*) e os chamados sufixos diminutivos cultos (*opúsculo*). Ademais exclúo do meu estudo os diminutivos, en orixe, que se soldan con nomes propios (*Emiliño*), xa que o significado de *Emiliño* non é necesariamente 'Emilio + pequeno', aínda que tal valor puido se-lo primixenio.

A miña investigación parte da lista de doce diminutivos (-*iñ-o* / -*iñ-a*, -*el-o* / -*el-a*, -*ol-o* / -*ol-a*, -*ech-o* / -*ech-a*, -*och-o* / -*och-a*, -*uch-o* / -*uch-a*, -*ex-o* / -*ex-a*, -*ux-o* / -*ux-a*, -*et-e* / -*et-a*, -*ot-e* / -*ot-a*, -*ic-o* / -*ic-a* e -*uc-o* / *uc-a*) establecida na *Gramática galega* por Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, e dela quero eliminar aqueles sufixos especializados nun contido despectivo e aqueles sufixos non productivos no galego actual. Para realiza-lo traballo estudiei, primeiro, algúns diminutivos na fala do concello de Castrelo do Val (Alonso Núñez, 1999), fala que constitúe o obxecto da miña tese de doutoramento, e despois analicei a orixe e o funcionamento no galego actual, especialmente oral pero tamén escrito, dos sufixos diminutivos descritos na *Gramática galega* así como doutros que aparecen en descrições lingüísticas galegas, portuguesas e castelás. A produtividade de cada sufixo observeina na posibilidade de formar novas palabras ó engadirse a nomes adxectivos e a nomes substantivos comúns caracterizados cos trazos de subcategorización [+ contable]<sup>1</sup> e [- animado], cos trazos [+ animado] e [- humano] e co trazo [+ humano].

A lista de sufixos nominais diminutivos que propoño, establecida a partir da miña competencia lingüística e corroborada por textos escritos ou por outros falantes, constitúe unha abstracción hipotética que pretende ser un alicerce para a descrição estándar do galego actual.

Consciente tanto de que a derivación é fundamentalmente un proceso histórico que se desenvolve no tempo canto de que resulta case imposible explicala sen recorrer ós seus antecedentes, non renuncio a estudar a etimoloxía e a evolución diacrónica dun sufixo como soporte para a boa explicación sincrónica do galego actual, a cal debe incluí-la produtividade de cada diminutivo e excluí-los sufixos mortos, os cultos e os non galegos.

En canto á produtividade, hai que distinguir entre a produtividade que un sufixo tivo ó longo da historia e a produtividade potencial que un sufixo ten para crear novas palabras

<sup>1</sup> Un substantivo co trazo [+ contable] tamén posúe o trazo [- abstracto].

na actualidade. Esta última é a que máis me interesa no presente estudio, pois dá lugar a unha lista aberta de formacións (vid. Pena, 1993, p. 221).

### 1. 1. Marco teórico

Concibo o morfema como a unión dunha forma de expresión de signo cunha forma de contido de signo e a correspondencia expresión-contido como complexa: unha expresión pode soportar diferentes significados e un significado pode expresarse con diferentes significantes. Ademais estudio, por razóns metodolóxicas, o significante e o significado do morfema diminutivo por separado e céntrome sobre todo no significante do signo lingüístico chamado *diminutivo*.

Para analiza-lo significante da palabra é conveniente defini-los conceptos de *raíz*, *tema*, *base* e *afixo* (vid. Pena, 1991, pp.70-78, e cf. Varela Ortega, 1990, pp. 32-35).

A raíz común ás palabras *pequeno*, *pequena*, *pequenos*, *pequenas*, *pequeneiro*, *pequeniño* é *pequen-*, fonoloxicamente /pe'ken-/. A esa parte común que resulta de elimina-los afixos chámolle raíz. Ó mesmo tempo que distingo a raíz tamén diferencio os afixos, que se engaden a ela modificándoa. Hai afixos derivativos e afixos flexivos. Os afixos derivativos forman parte do tema mentres que os afixos flexivos nominais non forman parte do tema e xúntanse con el expresando as categorías gramaticais de xénero e número. Esta definición non é xeneralizable, xa que a flexión tamén pode ser interna ó tema ben por modificación (latín *ag-i-t* / *e:g-i-t*) ben por infixación (latín *rump-i-t* / *ru:p-i-t*).

O tema nunha palabra flexiva é aquel elemento que resulta de resta-los afixos flexivos, por exemplo, en *pequeniñas* o tema é *pequeniñ-* e a raíz é *pequen-*. Outras veces, tal como sucede na palabra *pequena*, tema e raíz coinciden (*pequen-*). No primeiro caso fálase de tema complexo ou derivado (*pequeniñ-*); no segundo, fálase de tema simple (*pequen-*). O tema composto dáse cando se combinan dous ou máis deles: *xirasol* resulta de uni-lo tema *xira* co tema *sol*. Convén non esquecer que o tema composto dunha palabra pode se-la base de derivación doutra nova: así *xordomudez* faise sobre o tema composto *xordomudo*.

A base é aquel elemento do significante dunha palabra susceptible de recibir un proceso de formación (sexa de adición ou de modificación). Base é un concepto máis xenérico ca raíz e tema. De tal maneira que tanto a raíz coma o tema poden ser unha base.

O afixo defínese por oposición á raíz. Os afixos derivativos e flexivos, clasificaos Mel'čuk, 1982, pp. 82-87, en: confixos (prefixos, sufixos, interfixos), infixos, circunfixos e transfixos. Para facer esa clasificación ten en conta se o afixo segmenta a raíz ou non e se o afixo é continuo ou discontinuo.

a) Os confixos son segmentos continuos que non dividen a raíz. Os prefixos derivativos<sup>2</sup> dentro do tema preceden á raíz ou a outro prefixo (*pre-dicir*). Os sufixos derivativos dentro do

<sup>2</sup> En grego hai prefixos flexivos é-ly-es 'desatabas'.

tema suceden á raíz ou a outro sufixo (*pequen-eir-o*). Os interfixos son os afixos que se intercalan entre dúas raíces ou temas nun tema composto (por exemplo, en latín *sign-i-fer* e, en castelán, *pel-i-rrojo*<sup>3</sup>). En cambio, Malkiel, 1958, pp.107-199, define o interfixo como un segmento autónomo carente de significado e de acento, como *-ar-* no castelán *hum-ar-eda*, que aparece entre o radical e o sufixo dalgúns derivados e que vale para evitar hiatos, conserva-lo acento no radical e eliminar homonimias e secuencias cacofónicas.

b) O infixo é un afixo continuo que se inserta dentro dun morfo ou significante de signo<sup>4</sup>, normalmente a raíz, converténdoa nun morfo discontinuo. Hai infixos derivativos e infixos flexivos. O latín no tema de infectum dalgúns verbos presenta exemplos de infixos flexivos (*ru-m-p-i-t* vs. *rup-i-t*). Os infixos derivativos existen en chamorro, lingua malaio-polinesia. Nesa lingua o morfo **-in-** crea substantivos a partir de verbos: de *hasso* ‘pensar’ fai *h-in-asso* ‘pensamento’.

c) O circumfixo é un afixo discontinuo que *rodea* a base. Por exemplo, en galego *en- -ec(-e)-* fai verbos a partir de adxectivos: de *branco* → *en-branqu-ec-e-r*. A gramática tradicional adoita chamarlle parasíntese a este procedemento.

d) O transfixo é un afixo discontinuo que divide a raíz. É típico das linguas semíticas. Dada a raíz *k-t-b* ‘escribir’, engádeselle o transfixo **-a-i** e dá lugar á forma *katib* ‘oficinista’.

No que atinxe ós procesos morfolóxicos (Pena, 1990, pp. 5-75; Pena, 1991, pp. 69-128), dada unha determinada base de formación, podemos construír significantes de palabras a partir de dúas operacións básicas: engadir algo externo á base (afixación, composición) ou modificar internamente a base (repetición, substitución, permutación). Os procesos pódense combinar dentro dunha mesma palabra. Cada lingua selecciona tipos e combinacións de tipos. A afixación, proceso de adición que consiste en engadir un afixo, ofrece máis posibilidades de combinación e tamén permite repetila nunha mesma formación. Dentro da afixación, a sufixación é máis común cá prefixación. Nas linguas románicas e no latín, cabe distinguir na sufixación derivativa entre derivación heteroxénea e derivación homoxénea. Esta última caracterízase por non cambia-la clase ou a subclase de palabras, mentres que a derivación heteroxénea cambia a clase ou subclase de palabras. A composición é un proceso de adición que consiste en engadir outra base (*vaca + loura* → *vacaloura*).

Os procesos de modificación son: a repetición, que reproduce a base ou parte dela, por exemplo o latín *cu-curr-it* reitera parte da base de *curr-i-t*; a substitución, que modifica algún elemento da base (cf. o infectum latino *ag-it* co perfectum *eg-it*) restrinxíndose ó cambio dun fonema (ou raramente dous), xa que se se cambian máis fonemas dá lugar ó supletivismo ou modificación total, o cal xa non permite captar, dende o significante, a relación semántica

<sup>3</sup> Para García-Lozano, 1993, os compostos deste tipo soldan o substantivo co adxectivo transformando a vocal final do substantivo en *-i-*: *carne + seco = carniseco*. Ademais este autor interpreta esta vocal como un morfema de enlace coa única función de mostra-la unión das partes compoñentes.

<sup>4</sup> Considero como significante de signo aquel conmutante de expresión que posúe o mesmo significado asociado en máis dun contexto (Martínez, 1977, p. 167).

entre a base e a formación resultante, por mor da modificación total realizada (cf. presente indicativo *i-mos* vs. pretérito indicativo *fo-mos*); e a permutación, que opera sobre a base cambiando as relacións secuenciais dos elementos que a integran (en rotumano, lingua oceánica da familia malaio-polinesia, *tíko* 'a carne' vs. *tiók* 'carne') e que parece afectar só a dous fonemas contiguos.

Hai outras dúas opcións menos eficaces para a formación de palabras: a subtracción, que consiste en restar algo da base, e a conversión, que se define por aquilo que non é. A subtracción, tamén chamada derivación regresiva (Nyrop, 1936, p. 253), dáse como proceso supletorio para encher lagoas nas series de derivación. Así, por exemplo, a palabra *queimar* carece de base de derivación e a partir dela créase, por resta de elementos, *queima*. Pero esta é unha interpretación histórica. En sincronía, unha vez creada *queima*, o falante normal pasa a interpretar esta forma como base e *queimar* como palabra derivada<sup>5</sup>. Na conversión, a base mantense tal cal e non se produce nin unha adición, nin unha modificación, nin unha subtracción, senón que vémo-la súa diferencia ó insertar ese significante nunha unidade de rango superior. Para Pena, 1991, pp.110-111, a conversión é un fenómeno de homonimia gramatical. Na flexión, a homonimia gramatical recibe o nome de sincretismo.

Aínda que os procesos morfolóxicos constitúen un número limitado, na formación de palabras existe a posibilidade de repetir un mesmo proceso e/ou combinalo tanto sucesivamente coma simultaneamente. Cada lingua selecciona tipos e combinacións de tipos para crear novas palabras en parte iguais e en parte diferentes.

Neste estudio ocupareime dun subtipo de afixación chamada *apreciativa* por Pena, 1991, pp. 83-84. Este autor distingue na sufixación derivativa do latín e das linguas románicas entre a que cambia a clase ou subclase de palabras (derivación heteroxénea) e a que non o fai (derivación homoxénea). Así mesmo, atribúelle-las seguintes características ós sufixos apreciativos:

- a) Non seleccionan a clase de palabra á cal pertence a base. Así, por exemplo, *-et-* pode engadirse a substantivos (*librete*) e a adxectivos (*pequenete*).
- b) Teñen tendencia a aparecer despois dos sufixos de derivación heteroxénea.
- c) Poden aplicarse repetitivamente, con certos límites, para formar novos temas.

Sobre a primeira característica podo dicir que se cumpre en xeral, pero que, sufixo por sufixo, é discutible, xa que *-ech-* non se pode unir a substantivos (*\*burrecho*); sobre a segunda, podo engadir, adaptando a Scalise, 1987, pp. 152-155, que os apreciativos tenden a situarse despois dos outros sufixos derivativos e antes dos sufixos flexivos; e sobre a terceira debo matizar que os exemplos que aduce Pena, 1991, pp. 83-84, están lexicalizados (*casa*→

<sup>5</sup> Pena, 1991, pp. 112-114, *casa* a interpretación diacrónica e sincrónica ó interpreta-la subtracción como proceso morfolóxico supletorio da afixación para encher lagoas nas series de derivación.

*caseta* → *casetón*) e que a repetición do mesmo sufixo está limitada a dúas ou tres aparicións (Varela Ortega, 1990, pp. 87-92).

## 1. 2. Análise do significante

Examinarei a estrutura do significante morfolóxico dende unha concepción estática da lingua e en termos analíticos. Tomo unha formación coma xa dada na lingua e analízoa nos seus sucesivos constituíntes inmediatos ata chegar ós constituíntes últimos. Vou do todo (*pequeniños*) ás partes (*pequen-iñ-o-s*). Analizo *pequeniños* en constituíntes sucesivos que poden estar conformados en distinto nivel de estrutura xerárquica. Nunha palabra polimorfémica non só hai unha relación secuencial de constituíntes, senón que tamén se pode observar cómo os constituíntes se integran en distintos niveis xerárquicos. Así, por exemplo, na palabra *inconfesable* o prefixo *in-* engádesse sobre *confesable*, palabra feita sobre a base *confesa-*. Para analizar en constituíntes inmediatos parto da técnica de segmentación e conmutación e non me conformarei unicamente con iso senón que esixirei que cada significante teña un significado, posto que concibo o morfema coma unha unidade biplana con significante e significado. É o modelo de análise morfolóxica IA (*Item and Arrangement*) que na súa versión inicial considera que analizar unha palabra consiste en segmenta-la súa forma fonémica en segmentos mínimos portadores de significado, separadamente combinables e conmutables –discretos, por tanto–, e recorrentes, é dicir, que reaparecen noutras palabras co mesmo significado. Tales segmentos denomínanse *morfos* e os significados que expresan, *morfemas*. Dentro da palabra, morfos e morfemas están en relación secuencial e a relación alomórfica redúcese a un emparellamento morfo-morfema nunha correspondencia un a un. O modelo IA (*Item and Arrangement*) resulta demasiado ríxido e inadecuado como modelo de aplicación universal (Pena, 1990, pp. 21-22); de aí que eu entenda o morfema como a entidade gramatical abstracta correspondente ó segmento fonémico recorrente mínimo e admita, con certa flexibilidade, reformulacións teóricas do modelo IA, tales como a non correspondencia un a un entre morfo e morfema, o morfema cero, etc.

Outra descrición sincrónica consiste en tomar unha forma como punto de partida (raíz) e describi-las distintas formacións relacionadas como resultado de aplicar diferentes procesos á forma básica. Baséase nunha concepción dinámica da lingua e forma parte da lingüística sincrónica. Procédese das partes ó todo ou constituto e considérase a palabra *pequeniños* como resultado de aplicar nunha determinada orde sucesivos procesos morfolóxicos á forma básica: *pequen* → *pequen-iñ* → *pequeniño* → *pequeniños*. Este é o modelo de descrición morfolóxica IP (*Item and Process*) que xa fora utilizado pola gramática tradicional e que aparece modernamente desenvolvido a partir de Boas e Sapir. Este modelo, igual có modelo IA, considera o morfema coma a unidade básica da gramática e interpreta as relacións sintagmáticas entre os morfemas como relacións secuenciais; pero nega a noción de morfo como segmento discreto e identificador do morfema así como a relación de alomorfia

concebida coma a correspondencia morfo-morfema na correlación un a un. O modelo IP pode describi-los casos de coalescencia, superposición ou fusión entre morfos empregando sempre a mesma técnica de procesos morfolóxicos e morfofonémicos. Este modelo choca coa distinción entre sincronía e diacronía. Para superar ese problema, responden dicindo que se trata dun modelo descritivo, pura ficción metodolóxica que non ten que ver cos procesos históricos. O modelo IP pode resultar para o inglés; pero non para as linguas románicas e o latín. O modelo IP foi desenvolvido e formalizado pola gramática xenerativa. Inicialmente, as variacións de significantes dos morfemas eran tratadas dentro do compoñente fonolóxico. Na década de 1970, a morfoloxía é concebida como subsistema autónomo dentro do sistema gramatical dunha lingua. A morfoloxía xenerativa implica a creación do compoñente léxico da gramática como compoñente autónomo con obxectivos, regras e principios específicos que rexen tales regras. O fin dunha teoría morfolóxica consiste en determina-las regras que rexen os procesos de creación de palabras e o lugar adecuado para tratar tales procesos é o compoñente léxico. Para o desenvolvemento da morfoloxía xenerativa foron importantes os traballos de Halle e Aronoff. Neste estudio limitareime a expo-la teoría morfolóxica xenerativa de Scalise, 1987.

Scalise, 1987, segue a Hipótese Lexicalista Forte (HLF). Esta hipótese considera que as regras flexivas están incluídas no compoñente léxico e tal compoñente permite dar conta da formación completa das palabras. Chomsky falara da independencia entre morfoloxía e sintaxe: as regras que operan no lexicón ou dicionario para describi-las palabras son distintas das da sintaxe. A descrición interna das palabras complexas compete ó compoñente léxico. A Hipótese Lexicalista Forte oponse á Hipótese Lexicalista Débil (HLD); esta última di que o compoñente léxico permite describir só a formación de temas e a flexión destes queda asignada ó compoñente sintáctico e/ou fonolóxico.

O modelo de compoñente léxico de Scalise, 1987, pp. 154-156, consta dun dicionario, no cal figuran as palabras e os temas, e dun subcompoñente morfolóxico, que contén as Regras de Formación de Palabras (Regras Derivativas e Regras de Composición), as Regras Apreciativas, as Regras Flexivas, as Regras de Reaxuste da forma fonolóxica da palabra e a Convención para a Inserción dos Lindes (CIL). Scalise concibe a morfoloxía como ordenada en niveis e pensa que nela se aplican sucesivamente as Regras Derivativas, as Regras de Composición, as Regras Apreciativas, as Regras Flexivas, as Regras de Reaxuste e a Convención para a Inserción dos Lindes. Con todo, por veces necesita inventar *ad hoc* un mecanismo de volta atrás para explica-los casos en que non se segue tal orde.

Pena, 1990, pp. 63-70, menciona un terceiro modelo de descrición morfolóxica: o WP (*Word and Paradigm*) que se centra no estudio da morfoloxía flexiva de linguas con flexión complexa. O modelo WP permite describi-la palabra tanto coa técnica de descrición gramatical IA como coa técnica de descrición gramatical IP. De tódolos xeitos, este é un modelo que non me serve para este traballo, dado que estou estudiando un subtipo de afixos derivativos.

### 1. 3. Análise do significado

Discútese cál é a significación fundamental dos sufixos diminutivos, se o significado minorativo ou o significado afectivo. Amado Alonso, 1982, pp. 161-189, nega a significación diminutiva como básica e considera, por unha banda, que o diminutivo é máis ben o signo dun afecto e, por outra banda, que os sufixos diminutivos significaban orixinariamente 'pertenza' ou 'semellanza' ou ben non supuña ningunha modificación conceptual da palabra base. En resumo, este autor pensa que as funcións emocional, representacional e activa son as que predominan no sufixo diminutivo<sup>6</sup>. Por contra, Zuloaga Ospina, 1970, afirma o significado minorativo do diminutivo e Hasselrot, 1957, oponse a A. Alonso e afirma que os diminutivos poden levar unha gran carga afectiva, e incluso ser este o aspecto predominante, pero neles debe quedar algo do sentido minguador. Parece que os estudiosos estranxeiros foron os que máis combateron a idea de que a función expresiva do diminutivo era a preponderante nel. Sen embargo, para Náñez, 1973, p. 131, os españois que traballaban fóra de España víanlle eses valores afectivos ó diminutivo cando o intentaban traducir a outras linguas.

Para min, esta discusión carece de sentido, xa que ámbalas dúas funcións (minorativa e afectiva) existían en latín (vid. Romero Gualda, 1989, pp. 50-59). Os sufixos alterativos matizan o significado léxico da base nominal cunha significación denotativa de tamaño ou intensidade, ou ben con connotacións ponderativas<sup>7</sup>. En concordancia con González Ollé, 1962, p. 22, quen manifesta que «si bien se aplican a otras especies gramaticales, en los sustantivos pueden indicar disminución de magnitud, aunque no siempre ejerzan tal función ni siquiera sea la más frecuente en ellos», eu penso que o significado denotativo do segmento diminutivo é a modificación da dimensión da base, sexa significando 'pequeno' nos substantivos, sexa indicando unha gradación de signo minguador nos adxectivos ('menos ca', 'en pouca cantidade', 'en menor intensidade', etc.). Así a todo, cómpre estudar con máis detalle o significado do chamado diminutivo cos adxectivos segundo estes expresen un concepto obxectivo dimensional (*pequeniño*), un concepto obxectivo de cor (*amareliño*), un concepto subxectivo de valoración (*maliño*), un concepto subxectivo de inclinación humana (*celosiño*), etc. Ó lado do significado denotativo, estes elementos teñen un significado connotativo, positivo ou negativo, que pode pasar a se-lo único. Descendendo ó detalle, na palabra *limpiño* enfatízase a calidade da base porque o adxectivo de valoración *limpo* indica unha acción acabada, semellante á denotada polo participio *limpado*, e, ó ser un adxectivo perfectivo que expresa o resultado da acción de limpar (Bosque, 1989, pp. 171-176), non pode sufrir unha variación gradativa minguadora coma a que padece, por exemplo, o adxectivo dimensional *grande* (*grandiño* 'menos ca grande'). Da mesma maneira, se se usa o

<sup>6</sup> Náñez, 1973, é tamén desta opinión.

<sup>7</sup> Vid. Álvarez e Monteagudo, 1994; e Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986. Pottier, 1968, fala de cuantificación da substancia.

substantivo *casina* para designar unha casa grande ou un palacio, a significación minorativa do sufixo *-iñ-* bloquéase e, en cambio, actívase un contido afectivo do emisor da mensaxe. Pero isto non é unha característica exclusiva do morfema diminutivo, xa que calquera signo, ó entrañar numerosas connotacións, a miúdo contradictorias, está sempre aberto a un segundo sentido a través da actividade da interpretación (Eco, 1998, p. 245).

Partindo das tres funcións da linguaxe de Bühler, 1967, o diminutivo pode cumprir unha función referencial (diminución), expresiva (afecto de calquera signo) ou apelativa (interpelación ó oínte para influír na súa conducta ou capta-la súa benevolencia). Esas función pódense dar por separado ou conxuntamente (vid. Freixeiro Mato, 1996, pp. 94-121; e Romero Gualda, 1989, pp. 51-53). Non obstante, o estudio de tales funcións debe facerse dentro dun determinado contexto. Para mirar esas funcións habería que ir exemplo por exemplo *ad infinitum* e quizás non concluíríamos nada ou, como moito, especularíamos sobre as intencións psicolóxicas do falante.

Como conclusión, quedo coa idea de que os chamados diminutivos poden conter dous valores básicos: a) diminutivo (empequenedor) e b) apreciativo, que pode ser positivo (afectivo) ou negativo (despectivo) dependendo do contexto. Así a todo, hai sufixos que teñen tendencia a especializarse nun significado despectivo, especialmente aqueles que levan un *u*<sup>8</sup> (vid. Hanssen, 1913, p. 122, e Michaëlis de Vasconcelos, 1946, p.78). Eses dous valores vense reflectidos nos nomes que estes sufixos teñen en moitos tratados gramaticais: sufixos apreciativos e / ou sufixos diminutivos. Para evitar esa ambigüidade terminolóxica, é preferible denomínalos sufixos alterativos tal e como se fai na *Gramática galega* de Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, pp. 85-93.

#### 1.4. Lexicalización de sufixos diminutivos no galego actual

Un sufixo diminutivo nominal lexicalízase cando pasa a designar unha nova realidade ou cando se especializa nun contido semántico concreto (Monterrubio Prieto, 1990, p. 89). Así *portela*, en orixe ‘porta pequena’, perdeu a súa capacidade para expresar unha valoración afectiva ou unha diminución do referido pola base, como amosa o feito de que hoxe teña entrada á parte de *porta* no dicionario cos significados de ‘abertura que se fai nun valado, silveira, muro ou parede para poder pasar por ela’, ‘especie de cancela que se pon para poder

<sup>8</sup> Non pretendo resolver aquí este tema, senón só deixalo apuntado. Seguindo a Eco, 1977, pp. 266-324, considero este fenómeno como un caso de motivación parecido o das onomatopeas. A motivación enténdea Eco como asociación convencional culturizada. Dende o meu punto de vista, a motivación do *u* coa despección foi aceptada convencionalmente e codificada polos falantes de galego ou, polo menos, está en proceso de codificación. En cambio, Simone, 1993, pp. 55-61, prefire usa-lo termo metafórico *iconismo* para referirse a estes exemplos e estima que a lingüística debería estudialos en tódalas linguas para verificar se se trata de casos de verdadeiro iconismo, xa que para el só a iconicidade universal mantén unha relación coa análise lingüística en sentido estricto.

pechar esta abertura' e 'abertura pequena nunha parede a través da cal se atenden os clientes en bancos, oficinas e outros lugares' (vid. Xove, sv. *portela* ou *portelo*).

González Ollé, 1962, p. 271, cre que o sufixo castelán con máis capacidade lexicalizadora é *-ill-*, xa que *-it-* e *-ic-* están máis ligados á función diminutivizadora; mentres que Náñez, 1973, afirma que os sufixos casteláns máis empregados para a cristalización son *-ill-* e *-et-*.

Parece que os sufixos que máis veces se presentan cristalizados en galego son *-el-* (*canela*, *mantelo*<sup>9</sup>, *rabela*<sup>10</sup>, *restrelo*, *roxelo*, etc.) e *-et-* (*cabalete*, *camioneta*, *colchoneta*, *pandeireta*, etc.). En sincronía, tales verbas non permiten analizar un morfema diminutivo ó estaren especializadas nun contido que non se parafrasea como 'base + pequeno'.

O resto dos elementos que foron diminutivos en orixe son susceptibles de lexicalizarse. Así, algúns como *-ell-*, *-on-*, *-ec-*, *-ech-* e *-ot-* aparecen na actualidade en lexicalizacións que se segmentan sincronicamente do seguinte xeito: *cortell-o* 'corte ou cuarto sucio' (cf. *cortell-iñ-o*), *tapón-ø* 'anaco de cortiza ou doutros materiais que se usa para tapar botellas e diferentes recipientes', *babec-o* 'parvo', *folech-o* 'fol' (vid. García González, sv. *folecho*) e *barrot-e* 'barra grosa e cilíndrica que se usa para suxeitar algo ou para impedirle o paso a alguén'.

Outros sufixos como *-ec-* (*burreco*), *-ich-* (*burricho*), *-at-* (*lobato*) e *-ot-* (*perdigoto*) especialízanse para expresar 'cría de'; e incluso sufixos diminutivos productivos no galego actual como *-iñ-*, *-ic-*, *-uc-* *-it-* se petrifican algunhas veces como se observa en *fouciño*<sup>11</sup>, *fachico* 'feixe de palla' (vid. García González, sv. *fachico*), *fachuco* 'feixe de palla' (vid. García González, sv. *fachuco*) e *furquita* 'gancha de madeira con dous gallos' (vid. Alonso Núñez, 1999).

En xeral, podemos concluír que a maior vitalidade dun sufixo, entendida como posibilidade de crear novas palabras por derivación homoxénea, implica unha menor capacidade lexicalizadora desa unidade; de aí que *-iñ-* sexa a forma máis remisa a petrificarse.

## 1. 5. Acumulación, recursiva ou non, de sufixos diminutivos no galego actual

As lexicalizacións poden darse por acumulación de elementos orixinariamente diminutivos. O amoroamento de diminutivos xa se producía no latín coa amálgama ou fusión de morfos. Así, por exemplo, Väänänen, 1975, p. 149, rexistrou con *agnus*: *agnulus*, *agnellus*, *agniculus*, *agnicellus* e *agnicellulus*. No galego medieval tamén existía *-eliñ-*, forma

<sup>9</sup> Aparece no dicionario de Xove cunha entrada á parte cos significados de 'pano co que as mulleres cobren a cabeza e parte das costas', 'mandil' e 'pano para tapar algo' (Xove, sv. *mantelo*).

<sup>10</sup> Como substantivo significa 'parte do arado' (vid. Xove, sv. *rabela*) e como adxectivo aplícase a quen non ten rabo ou o ten moi pequeno (vid. Xove, sv. *rabelo*, *-la*).

<sup>11</sup> É unha ferramenta diferente da *fouce* e, en virtude diso, figura cunha entrada independente no dicionario (vid. Xove, sv. *fouciño*).

documentada en *soutelinho* e *eigrejelinha* por Nunes, 1945, pp. 379-381. Tal forma faime pensar antes na lexicalización de *-el-* ca na acumulación de diminutivos, é dicir, *-el-* primeiro lexicalízase e despois admite o incremento de *-iñ-* para expresar ‘pequeno’. No galego actual, o sufixo diminutivo pode aparecer con outros sufixos orixinariamente diminutivos, pero hoxe lexicalizados (*porteliña*) ou en vías de lexicalización (*pequerriquiño*).

A acumulación de sufixos diminutivos é un proceso que cómpre interpretar a partir das palabras existentes nun corte sincrónico. A existencia real dunha palabra e non doutra depende da norma antes ca do sistema (vid. Coseriu, 1969) como se pode demostrar coa vixencia actual de *beatitude* e *pequechiño* no canto de *\*beatidez* e *\*pequechico*, respectivamente.

Náñez, 1973, p. 378, cita como causas da acumulación: a perda do valor do sufixo por especialización; o reforzo fónico da palabra, característico do xogo estético e infantil que enreda co eco sonoro do diminutivo; a busca de expresividade alongando o tempo dunha forma; e o intento de evitar anfiboloxías.

Por mor de considera-lo morfema diminutivo como unha unidade biplana, con significante e significado, que se determina botando man da conmutación e da transparencia semántica (Lázaro Carreter, 1972); eludirei o erro de segmenta-las palabras existentes seguindo criterios históricos que non se axusten á competencia dos falantes actuais. Así, por exemplo, a palabra *rigochelo*, que recollín en Monteveloso (Castrelo do Val, Ourense), pode ser analizada diacronicamente como *rig*<sup>12</sup> + *och* + *el* + *o*, ou sexa, ‘rego + pequeno + pequeno + xénero masculino’; debe ser segmentada sincronicamente como *rigochel-o*, porque hoxe significa ‘regato’, porque admite un sufixo diminutivo (*rigochelo* → *rigocheliño*) e porque ningún dos supostos sufixos ou unha amálgama deles se pode aplicar a unha base para obter unha palabra realmente existente de valor empequenecedor (*\*casochela*, *\*librochelo*, *\*librelo*, *\*burrochelo*). Da mesma maneira, a análise en sincronía de *pequerrecho* ‘neno’ é *pequerrech-o*; por contra, a segmentación do adxectivo *pequerrecho* presenta os seguintes constituintes: *pequ-err-ech-o* (cf. *pequ-err-ech-iñ-o*).

A partir destes datos podó formula-la seguinte hipótese: o feito de que o elemento orixinariamente diminutivo non apareza na última posición antes dos morfemas obrigatorios nominais, de xénero e número, é indicio de que ese elemento está lexicalizado ou en vías de lexicalización. Ó cristalizaren, os sufixos diminutivos van perdendo a última posición antes dos morfemas obrigatorios e o valor primixenio empequenecedor e isto permite que outro diminutivo lle poida achegar a unha palabra un significado minguador (*portela* → *porteliña*; *folecho* → *folechiño*). Nestes casos non se pode falar sincronicamente de amorramento de sufixos diminutivos, pois constitúen a proba de que o elemento orixinariamente diminutivo que ocupa a penúltima posición antes dos morfemas obrigatorios nominais está petrificado. É conveniente lembrar que os sufixos diminutivos dunha palabra, así como os demais

<sup>12</sup> Paréceme que *rig-* é unha variante de *reg-* (cf. *regacho*).

alterativos, acostuman ir secuencialmente despois dos outros sufixos derivativos e inmediatamente antes dos morfemas flexivos obrigatorios (Varela, 1990, p. 21), é dicir, son externos con respecto ós demais derivativos e internos con respecto ós flexivos. Tamén cómpre precisar que as acumulacións de sufixos diminutivos no galego actual dependen da norma, xa que se dan cunhas palabras pero non con outras. Así, no concello de Castrelo do Val documéntase *burr-iqu-it-o* pero non *\*gal-iqu-it-o*.

En galego, ó atopar dous sufixos diminutivos combinados (*burr-iqu-it-o*; *pouqu-ich-iñ-o*) e combinacións especiais da base *pequen-* / *pequ-* (*pequen-ech-iñ-o*; *pequ-err-ech-iñ-o*) podemos postular a existencia de tres posicións sufixais entre a base e os sufixos obrigatorios e, en consecuencia, podemos falar de sufixos de antepenúltima, penúltima e última posición antes dos obrigatorios.

a) Na antepenúltima posición, a menos periférica, só pode aparecer o segmento *-err-*, que posúe un significado intensificador<sup>13</sup>. Esta forma só se documenta co cuantificador *pouco* (*pouquerrechiño*) e coa base *pequen-* / *pequ-* como se observa nos exemplos *pequerrechiño*, *pequerrechín* (vid. Santamarina Fernández, 1972, p. 138) e *pequirrichía* (vid. Muñiz, 1978, pp. 247-250). A segmentación *pequ-err-ech-o* coa base *pequ-* xustifícase ó confrontar esa palabra co adxectivo *pequ-ech-o*. O elemento *-err-* ten unha variante alomorfa *-irr-* en distribución inclusiva, xa que tal alomorfo só aparece nalgúns contextos, pero non noutros (*\*pequ-irr-ech-a* vs. *pequ-err-ech-a*). A variante *-irr-* maniféstase cando o *i* tónico harmoniza a vocal átona *e* (*pequerrechiño* → *pequirrichiño*, *pouquerrechiño* → *pouquirrichiño*). Como se pode apreciar, en tales contextos concorre con *-err-* ó poder realizarse o fonema /e/ como [e] ou como [i].

b) O sufixo que ocupa a penúltima posición antes dos morfemas obrigatorios está moi gastado, aínda que pode seguir significando ‘pequeno’, xa que semella que un morfema diminutivo non se lexicaliza por completo namentres poida ocupa-la última posición antes dos morfemas flexivos obrigatorios. Indo ó detalle, o sufixo *-iqu-*, fonoloxicamente /-’ik-/ , maniféstase en penúltima posición con bases substantivas (*burr-iqu-iñ-o*, *hom-iqu-ín*<sup>14</sup>, *muller-iqu-í-a*<sup>15</sup>) e con algunhas bases adxectivas (*pequ-err-iqu-iñ-o*<sup>16</sup>, *fin-iqu-it-o* ‘delgado’<sup>17</sup>); pero tamén pode figurar en última posición cun valor mingoador (*burr-ic-o*, *pequen-ic-o*). O reforzo *-ich-* aparece en penúltima posición con adxectivos (*pequ-ich-iñ-o*, *gord-ich-iñ-o*), pero non pode ocupa-la última posición (*\*gordicho*). O elemento *-ech-* só se manifesta na penúltima posición con adxectivos<sup>18</sup> (*pequ-ech-iñ-o*) e cando ocupa a última

<sup>13</sup> Para o castelán Núñez, 1973, p. 57, considera que *-irr-* é un signo ponderativo da valoración *e*, en xeral, expresivo.

<sup>14</sup> Vid. Muñiz, 1978, pp. 247-250.

<sup>15</sup> Vid. Muñiz, 1978, pp. 247-250.

<sup>16</sup> Palabra recollida na Terra Chá por Regueira, 1989, p. 283.

<sup>17</sup> Vid. Alonso Núñez, 1999.

<sup>18</sup> A análise sincrónica do substantivo *pequechiño* en *pequech-iñ-o* débese a que *pequech-o* está lexicalizado co significado de ‘neno’.

tende a adquirir valores despectivos (*gord-ech-o*), pero non sempre. Así pois, entre os sufixos de penúltima posición hai dous (*-ic-* e *-ech-*) que poden aparecer en última posición como diminutivos e, en consecuencia, son productivos e hai outro (*-ich*<sup>19</sup>) que non pode figurar na última posición como diminutivo e, en virtude diso, non é productivo.

c) O diminutivo vivo do galego actual aparece inmediatamente antes dos morfemas obrigatorios, xénero e número para os nomes. Este último lugar pódono ocupa-los seguintes elementos, que comentarei posteriormente: *-iñ-o / iñ-a; -ín / -i-a; -ín / -í-a; -ín / -iñ-a; -ic-o / -ic-a; -uc-o / -uc-a; -it-o / -it-a, -et-e / -et-a* e *-ech-o / -ech-a*.

En castelán, danse combinacións de dous sufixos: *chiquitillo, chiquitín, chiquitico* e combinacións peculiares intensificadas con *-irr-* coa palabra *chico*: *chiquirritito, chiquirritillo, chiquirritín, chiquirritico*. Por outra parte, estes sufixos alterativos en castelán poden repetirse: *chiqu-it-in-ín, chiq-irr-it-in-ín, chiq-irr-it-it-o, chiq-ich-ich-o* (vid. Náñez, 1973, pp. 40-48).

A posibilidade de repetir estes alterativos en galego está limitada a *-ich-*, o cal só se aplica recursivamente nun número restrinxido de palabras tales como *pequeno* (*pequ-err-ich-ich-ich-iñ-o*) e o cuantificador *pouco* (*pouqu-err-ich-ich-ich-iñ-o*). Por outra parte, a iteración incide na intensificación e non afecta ó significado denotativo da palabra (Varela Ortega, 1990, pp. 87-92).

A acumulación de sufixos diminutivos resúmese sinópticamente no seguinte cadro:

| Base  | Sufixo de antepenúltima posición antes dos obrigatorios. | Sufixo de penúltima posición antes dos obrigatorios. | Sufixo de última posición antes dos obrigatorios. |
|-------|--|--|---|
| pequ- | -err-  | -ech-  | -iñ-o   |
| piqu- | -irr-  | -ich-  | -iñ-o <sup>20</sup>                               |
| pequ- | -err-  | -iqu- /'ik/  | -iñ-o   |
| pequ- | -err-  | -ech-  | -ín   |
| pequ- | -irr-  | -ich-  | -í-a  |
| fin-  |  | -iqu- /'ik/  | -it-o 'delgadoño'                                 |

<sup>19</sup> En portugués, Michaëlis, 1946, p. 75, documentou o elemento *-uch-* en penúltima posición co adxectivo *pequeno* (*pequ-err-uch-inh-o*) e Vilela, 1994, p. 84, rexistrou ademais do exemplo anterior *gorduchinha*; en cambio, *-uch-* posúe valor despectivo no portugués actual cando vai na última posición (*gord-uch-o*). No galego decimonónico de Rosalía, Freixeiro Mato, 1996, p. 125, rexistrou dous exemplos (*feitiquiños, feitiquiñas*) de *-uc-*, acumulado con outro diminutivo, en penúltima posición.

<sup>20</sup> Cf. *pouqu-irr-ich-iñ-o*.

## 2. SUFIOS NOMINAIS DIMINUTIVOS NON PRODUCTIVOS NO GALEGO ACTUAL

### 2.1. Sufixos que aparecen como productivos na Gramática galega

Os sufixos diminutivos non productivos no galego actual, pero que aparecen como productivos en Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, pp. 81-90, son:

#### 2.1.1. *-el-o / -el-a*

Dado que excluío este elemento da lista de sufixos diminutivos productivos do galego actual, non considero neste traballo as súas posibles pronunciacións con [e] ou con [ɛ] nin tampouco a discusión sobre se se debe postular unha unidade ou dúas. Pola contra, para o estudo deste sufixo resumirei, primeiro, a visión que dá del a bibliografía portuguesa, despois, a que ofrece a bibliografía galega e, por último, exporei a miña opinión.

Para o portugués, Nunes, 1945, p. 381, considera que este sufixo, procedente do diminutivo latino *-ELLA*<sup>21</sup>, perdeu a súa primitiva significación diminutiva nos topónimos (*Quintela, Fontela*, etc.) e noutras palabras (*cadela, bostela*). Sen embargo, aínda observa significación diminutiva nas formas *viela, cidadela, portela*. Cunha e Cintra, 1984, pp. 92-95, danlle pouca produtividade a este elemento, citan poucos casos con este afixo (*vi-ela, ru-ela*) e, por outra parte, só lle conceden vitalidade ás formas nominais rematadas en *-dela (mordidela)*<sup>22</sup>. Sen embargo, os exemplos empregados por estes autores non serven para clasificar este elemento como diminutivo. Así, *ciudadela* non ten o sentido de ‘cidade + pequena’, xa que significa ‘fortaleza’. *Portela* tampouco significa ‘porta + pequena’. *Viela*, datada por primeira vez en 1813 (Machado, sv. *viela?*), ten o significado de ‘rua estreita’ e en *gíria* significa ‘sítio ou rua habitada por meretrizes’ (Costa e Sampaio e Melo, sv. *viela*). *Ruela*, que aparece datada por primeira vez en 1899 (Cunha, sv. *ruela?*), significa ‘viela, pequena rua’ e semella un préstamo do francés *ruelle* e *rouelle* (Costa e Sampaio e Melo, sv. *ruela*). Por mor de ser unha verba emprestada doutro idioma memorizada coma un bloque, non se pode illar nela un sufixo diminutivo namentres este elemento non cree a partir de bases patrimoniais novas palabras que acheguen un significado de aminoración da base. Por outra parte, o sufixo *-dela* é un afixo derivativo heteroxéneo que transforma unha base verbal en substantivo e non significa ‘obxecto + pequeno’ nin obedece a unha derivación: *morder* → *mordida* → *mordidela* (cf. co galego *morder* → *mordedela*). Saco Arce, 1868, p. 46, dicía que *-dela* denotaba ‘o efecto ou o resultado dunha acción’ (*queimadela, cortadela, picadela, rascadela, rachadela, comedela*) e que se correspondía co castelán *-ura*.

<sup>21</sup> Menéndez Pidal, 1904, pp. 227-228, di que os diminutivos latinos en *-ulus (cannula)* non podían subsistir por ser átonos e debían ser substituídos por *-ellus (novellus)*.

<sup>22</sup> Skorge, 1956-57, p. 56, pensa o mesmo para o portugués moderno.

Regueira, 1989, na súa tese de doutoramento sobre a fala da Terra Chá di que o elemento *-el-o / -el-a* é escasamente productivo e documéntao en formas, segundo el, lexicalizadas case todas: *codelo, vaquelo, cachelo, montelo, roxelo* ‘año’, etc. Tamén o documenta en topónimos e apelidos lexicalizados, pero aínda transparentes para el: *Lamela, Portelo, Campelo*. Por outra parte, no ALGA o elemento *-el-o / -el-a* non aparece coas bases substantivas *burr-* e *parrul-* / *parruq-*.

As formas coa terminación *-el-o / -el-a* que moitos autores tenden a analizar como diminutivos en realidade reflecten un proceso que xa se deu en latín cando a base (*ovis*) se iguala co derivado diminutivo (*ovicula*) e o substitúe posteriormente na designación dese referente (*ovella* < *ovicula*, diminutivo en orixe)<sup>23</sup>. Da mesma maneira, no galego actual a forma orixinariamente diminutiva pasa a te-lo mesmo referente có substantivo base (*codela* = *codia*). Noutros casos o primitivo diminutivo, ó designar outro referente, lexicalízase: *portela* ‘abertura que se fai nun valado, silveira, muro ou parede para poder pasar por ela’ (Xove, sv. *portela* ou *portelo*) esixe a análise morfolóxica *portel-a*, pois non significa ‘porta + pequena’, como vimos; as voces *ruela* e *viela*, xa comentadas para o portugués, é discutible que sexan palabras populares galegas<sup>24</sup>, e, en virtude diso, deben ter un tratamento analítico diferente; *codelo* é unha variante de *codia* ‘anaco de pan’ (García González, sv. *codelo*); e *roxelo* ou *rixelo* está lexicalizado e significa ‘cría da ovella’.

Para min, este sufixo non é productivo como diminutivo hoxe nin con bases substantivas (*\*casela, \*librelo, \*burrelo, \*homelo*) nin con bases adxectivas (*\*pequeno, \*gordelo*) e, por outra parte, hai que recordar que xa no galego medieval admitía o incremento do sufixo diminutivo *-iñ-o / -iñ-a*: *soutelinho, eigrejelinha* (vid. Nunes, 1945, pp.379-381). Tales incrementos prodúcense por mor da lexicalización de *-el-o / -el-a*<sup>25</sup> que implica que a indicación de ‘pequeno’ se faga co afixo *-iñ-*. Ademais, o sufixo *-el-o / -el-a*, por estar lexicalizado, permite na actualidade a súa habilitación para facer calcos semánticos do castelán. Deste modo, o castelán *varilla* cálcase como *varela* en galego, xa que *varela* non se interpreta hoxe como ‘vara pequena’.

### 2. 1. 2. *-ol-o / -ol-a*

O feito de que o *-l-* se conserve indica que este sufixo entrou no portugués por medio de vocábulos estranxeiros como *bandeirola* e *camisola*. Máis tarde este sufixo estendeuse a voces patrimoniais e adquiriu un valor irónico-despreciativo (Skorge, 1956-1957, pp. 56-57).

<sup>23</sup> Lathrop, 1984, pp. 47-48.

<sup>24</sup> Tan só documentei a forma lexicalizada *viela* (vid. Rodríguez González, sv. *viela*; e cf. con *vielo* ‘especie de fiestra das cortes’, segundo a información que me proporcionou a profesora Rosario Álvarez). Sen embargo, nin *ruela* nin *viela* figuran no VOLGA e en Xove, 1995.

<sup>25</sup> Catalán, 1989, p. 249, considera, baseándose en datos toponímicos, que o sufixo *-el-o / -el-a* pode darse por morto a comezos do século XIII.

Nunes, 1945, pp. 379-381, tamén cre que este sufixo se xeneralizou con substantivos sobrecomúns de carácter irónico-pexorativo e ademais propón que provén do italiano *-ola* ou do francés *-ole*; mentres que Alvar e Pottier, 1987, p. 275, pensan que as palabras terminadas en *-olo /-ola* que existen en castelán son catalanismos, galicismos, italianismos e latinismos.

O sufixo diminutivo latino *-OLU / -OLA* deu no galego común *oo > ó* para o masculino e *-oa / -ó* para o feminino (*AV(I)OLU > avó*, *FOLIOLA > filloa*). Na lingua medieval xa perdera o *-l-* intervocálico e na lingua actual non ten significado diminutivo como demostrarei a continuación.

Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, introducen *-ol-* entre os sufixos diminutivos do galego actual e aducen os seguintes exemplos: *camisola*, *ferreirolo*, *raiola*. Pero *camisola* é unha palabra lexicalizada e ademais non é patrimonial; *ferreirolo* ‘paxaro que ten un canto parecido ó ruído do ferreiro ó bater na engra’ e ‘ferreiro pouco instruído no seu oficio’ (Rodríguez González sv. *ferreirolo*) constitúe un caso de petrificación cando ten o primeiro sentido e co segundo significado, despectivo, paréceme pouco probable que sexa coñecido pola maioría dos falantes de galego; e, por último, *raiola* non equivale a ‘raia pequena’, senón que se lexicalizou significando «1. Raio ou raios de sol que aparecen entre as nubes. 2. Espacio breve de tempo no que quenta este sol. 3. Lugar no que dá, ou calor morna deste sol.» (Xove, sv. *raiola*).

O dilema está en considerar este sufixo como improductivo ou en consideralo productivo cun valor pexorativo. Aínda que hai autores que consideran que ese valor pexorativo é o predominante no galego actual (González Fernández, 1978, p. 29) e que, para o portugués, Skorge, 1956-1957, pp. 56-57, pensa do mesmo xeito, eu inclínome a considerar que é improductivo no galego actual como diminutivo: *\*casola*, *\*burrolo*, *\*lobolo*, *\*homolo*. Os exemplos vistos (*camisola*, *ferreirolo*, *raiola*) e outros como *rapazolo*<sup>26</sup> e *galiñola*<sup>27</sup> non poden ser interpretados como sufixos diminutivos dende unha perspectiva sincrónica. Por outra parte, cando os falantes recoñecen *-ol-* como sufixo, este colle valores despectivos (*merendola*, *barrigola*) ou aumentativos (*merendola* ‘merenda grande’, *rapazolo* ‘rapaz grande’). Para que este sufixo se volvese aumentativo, coido que influíu a vocal posterior media pechada e a vocal posterior media aberta, que tenden a facer aumentativos (Michaëlis de Vasconcelos, 1946, p.78 ), así como a forza analóxica do sufixo *-ón*, hoxe aumentativo.

Con adxectivos *-ol-* é un sufixo improductivo: *\*pequenolo*, *\*gordolo*. Así, Regueira, 1989, pp. 233-245, non recolle ningún exemplo de *-ol-* con adxectivos na Terra Chá e no VOLGA aparece *babiolo*, que significa ‘parvo’, e está, por tanto, lexicalizado.

<sup>26</sup> García González, 1985, sv. *rapazolo*, documéntao co significado de ‘rapaz duns quince anos’ en Xunqueira de Ambía, Castro Caldelas, A Gudiña, A Mezquita e Vilardevós. Sen embargo, para outros (Rodríguez González, sv. *rapazolo*) é un diminutivo de *rapaz*.

<sup>27</sup> *Galiñola* aparece documentada en García González, 1985, sv. *galiñola*, como substantivo feminino co significado de ‘tipo de ave de perna alta e moi apreciada na caza’. Por tanto, non significa ‘galiña pequena’ (cf. Costa e Sampaio e Melo, sv. *galinhola*).

### 2. 1. 3. *-och-o / -och-a*

Con substantivos é un sufixo improdutivo como diminutivo: *casocha, barrigocha, ?\*burrocho, ?\*homocho*. No caso de existir, é un afixo despectivo que non se engade a bases substantivas caracterizadas cos trazos [+ animado] e [- humano] e a bases substantivas definidas co trazo [+ humano] ou, en todo caso, que se mostra remiso a facelo.

Con adxectivos é un sufixo despectivo: *pequenocho, gordocho*. Malia que González Fernández, 1978, pp. 19-39, lle dea un sentido diminutivo con valor afectivo, eu creo que *-och-* tivo no pasado valor diminutivo como podemos ver na palabra *rigochelo*, que permite unha análise diacrónica *rig + och + el + o* ‘rego + pequeno + pequeno + xénero masculino’ (cf. con *regacho*); pero que hoxe quizais só poida segmentarse sincronicamente como *rigochel-o*. Ademais cómpre ter en conta que a vocal posterior media aberta tende a facer aumentativos (Michaëlis de Vasconcelos, 1946, p.78 ) e, daquela, dilúe o sentido empequeneedor da partícula *-och*.

### 2. 1. 4. *-uch-o / -uch-a*

Regueira, 1989, pp. 227-228, di que na Terra Chá predomina a idea de pexoración sobre a diminución (*leirucho, papelucho*), se ben nalgúns sitios *leirucho* só significa ‘leira pequena’<sup>28</sup>. Así a todo, Regueira, 1989, p. 231, non coloca *-uch-* entre os sufixos diminutivos productivos do norte da Terra Chá. Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, inclúen esta forma dentro dos sufixos diminutivos e dentro dos despectivos (*cuartucho*); se ben como sufixo diminutivo só citan exemplos con hipocorísticos (*Pacucho*) ou con nomes de persoa (*Carmucha*). É conveniente recordar que excluí do presente traballo os sufixos diminutivos que se soldan a nomes de persoa debido a que non sempre significan ‘pequeno’. De tódolos xeitos, debo admitir que *-uch-* debeu ser, no pasado, diminutivo polos casos con nomes propios xa citados e polo exemplo portugués *pequerruchiño*, aducido por Michaëlis de Vasconcelos, 1946, p. 75, e interpretable diacronicamente como sufixo diminutivo de penúltima posición.

Eu creo que, sen descartar de todo que *-uch-* sexa dialectalmente un sufixo diminutivo, no galego común as formas con *u* teñen un claro valor pexorativo e este é o valor predominante de *-uch-* ó engadirse a bases substantivas. Así, *casucha* expresa primordialmente ‘casa mala’, se ben tamén pode significar ‘casa pequena’ ou ‘casa pequena e mala’. Coincido nisto con García de Diego, 1984, p. 191, quen lle atribúe a *-uch-* valor despectivo (*tenducha, casucha, leirucha*) e non cita exemplos con bases adxectivas.

O sufixo *-uch-o / -uch-a* con bases adxectivas ten un valor pexorativo no galego común (*gorducho, malucho, debilucho, morenucho, feúcho, paliducho, delgaducho*) e quizás teña un

<sup>28</sup> Carballo Calero, 1979, p. 171, tamén rexistra *-uch-* con valor diminutivo na palabra *cabucho*, de *cabo* ‘cabo de vela’.

uso menor ca con bases substantivas. Con todo, non convén desbotar que o significado de *-uch-* cando se une a bases adxectivas sexa moitas veces ‘tirando a’, tal como propón Fernández Ramírez, 1986, p. 26, para o castelán.

### 2. 1. 5. *-ex-o / -ex-a*

Este sufixo é unha adaptación fonética do castelán *-ej-*, elemento especializado neste idioma para a despección e moi usado como diminutivo en Guadalajara (Núñez, 1973, p. 44). Fernández Ramírez, 1986, p. 34, exemplifica o valor diminutivo do sufixo latino *-ICULU* coa palabra latina *VERMICULUS*, que evoluciona en castelán a *bermejo*.

O sufixo *-ej-* castelán correspóndese etimoloxicamente co sufixo *-ell-* galego (cf. *VERMICULU* >gal. *vermello*, palabra lexicalizada hoxe). Este sufixo galego perdeu o primitivo significado diminutivo e pasou a formar parte da base: *CUNICULU* > *coello*, que se analiza sincronicamente *coell-o* (para obter máis información véxase o epígrafe dedicado a *-ell-o / -ell-a*).

Fernández Ramírez, 1986, p. 34, cita os seguintes substantivos despectivos casteláns: *bigotejo*, *bichejo*, *tipejo*, *lugarejo*, *calleja*, *caseja*, *peseteja*, *palabreja*. Destes substantivos casteláns só se adaptou en galego *lugarexo*, o único exemplo que mentan Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, probablemente tomado de Carballo Calero, 1979, p. 172. Estes últimos autores tamén mencionan *airexo* e *varexa*. A primeira forma especializouse para designar un tipo de *aire*, que tamén se nomea coa palabra *airexa*; a segunda e o substantivo *varexo* (Navaza, sv. *varexo*) constitúen unha derivación regresiva de *varexar* (Cunha, sv. *vara*) e significan ‘acción de varexar’ ou ‘época de varexar’. Por contra, Saco Arce, 1868, non rexistraba este sufixo diminutivo e tampouco o facía García de Diego, 1984.

No galego actual, o sufixo *-ex-*, de procedencia castelá, non é productivo nin con substantivos (*\*casexa*, *\*burrexo*, *\*homexo*) nin con adxectivos (*\*pequenexo*). Pódese admitir en galego algunha palabra castelá con *-ej-*, adaptada en *-ex-*, en calidade de préstamo. Pero en virtude de ser esa palabra un préstamo, require unha análise distinta e, en consecuencia, *-ex-* non se pode clasificar como sufixo galego namentres non poida funcionar como elemento de formacións autóctonas (vid. Lázaro Carreter, 1972).

Para o portugués, Nunes, 1945, p. 381, di que *-ej-o* debe ser de procedencia castelá, que en vez de *-elh-o*, presenta, por exemplo, *lugarejo*, usado ó lado de *lugarzinho* ou *lugarete*. Skorge, 1956-1957, p. 56, coída que este sufixo castelán pasou a ser en casos illados sufixo do portugués (*hortejo*). Sen embargo, eu creo que a análise deste elemento en portugués debe se-la mesma ca en galego, é dicir, dado que é un préstamo, reducido a certas palabras e sen posibilidade de asociarse productivamente con outros vocábulos patrimoniais, non se debe considerar un sufixo diminutivo do portugués actual.

### 2. 1. 6. *-ux-o / -ux-a*

En castelán o sufixo *-uj-* ten frecuentemente unha significación pexorativa (Fernández Ramírez, 1986, p. 35). O elemento *-ux-* pode vir do castelán *-uj-*, posiblemente creado a partir de *-ej-*. Recordemos que Michaëlis de Vasconcelos, 1946, pp. 77-78, cre que un modo especial de multiplica-los sufixos herdados consiste en altera-la súa vocal tónica xerando gamas vocálicas. Así, o paso de *-ex-* a *-ux-* pode explicarse pola alteración da vocal tónica. Tal cambio completa no romance un proceso que os latinos comezaran.

Dado que, no galego actual, *-ux-o / -ux-a* é un elemento alleo e non productivo nin con substantivos (*\*casuxa*, *\*burruxo*, *\*homuxo*) nin con adxectivos (*\*pequenuxo*), non debe figurar entre os sufixos nominais diminutivos do galego actual.

En Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, aparecen tres exemplos de diminutivos: *Catuxa*, *cabuxa* e *airuxo*. Pero *Catuxa* é un hipocorístico de *Catarina* e, en consecuencia, seguindo a Zuloaga Ospina, 1970, pp. 25-30, non é un auténtico diminutivo; *cabuxa* é voz lexicalizada; e *airuxo*, nos lugares en que existe, ou ben se interpreta como petrificación ou ben como forma que adquiririu valores despectivos.

### 2. 1. 7. *-ot-e / -ot-a*

Hanssen, 1913, p. 122, considera que esta terminación procede do francés<sup>29</sup> e que se foi estendendo no castelán para formar substantivos e adxectivos aumentativos (*animalote*, *grandote*), e, seguindo a Nyrop, que o valor da desinencia foi orixinariamente diminutivo. Facendo unha análise diacrónica quizás se poida ver ese valor diminutivo en *barrote* (de *barra*), *capote* e *capota* (de *capa*), etc. Pero hoxe estas formas están lexicalizadas tanto en castelán coma en galego. Un caso particular constitúeo *mozote* (de *mozo*), palabra orixinariamente diminutiva 'mozo pequeno', pero que se lexicalizou para designar 'persoa macho de idade anterior á de mozo'<sup>30</sup> equivalendo á cristalización castelá *mozalbeta* (García González, sv. *mozote*).

Para min, o sufixo *-ot-e / -ot-a* é productivo no galego actual como aumentativo e como despectivo tanto con substantivos (*librote*, *cabalote*, *amigote*) coma con adxectivos (*pequenote*, *grandote*). A mesma opinión sostena García de Diego, 1984, p.191. O paso dunha significación orixinariamente diminutiva a outra aumentativa pode explicarse porque a vocal posterior media aberta aumenta (Michaëlis de Vasconcelos, 1946, p. 78). Daquela, non estou de acordo nin cos autores que lle atribúen exclusivamente valor aumentativo, coma Carballo Calero, 1979, p. 168, para o galego e Romero Gualda, 1989, p. 57, para o castelán, nin con

<sup>29</sup> Cunha e Cintra, 1984, p. 94, tamén coidan que esta forma que hoxe crea derivacións xenuinamente portuguesas (*meninote*, *serrote*, *velhote*) é de probable orixe francesa.

<sup>30</sup> Tamén cabe a posibilidade de que *mozote* signifique 'tirando a mozo'.

aqueles que lle asignan só o valor despectivo, coma Lugrís Freire, 1931, p.18, para o galego e Fernández Ramírez, 1986, p. 55, para o castelán.

Os sufixos nominais diminutivos non productivos no galego actual, pero que aparecen como vivos en Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, podémolos ver no seguinte cadro:

| Sufixo             | Base substantiva cos trazos [+ contable] e [- animado] | Base substantiva cos trazos [+ animado] e [- humano] | Base substantiva co trazo [+ humano]                            | Base adxectiva                       | Características do sufixo          |
|--------------------|--|--|---|--------------------------------------|------------------------------------|
| 1. -el-o / -el-a   | *casela  | *burrelo   | *homelo   | *pequeno                             | hoxe lexicalizado foi diminutivo   |
| 2. -ol-o / -ol-a   | ?casola barrigola                                      | burrolo  | *homolo rapazolo (lex.)   | *gordolo                             | productivo como despectivo         |
| 3. -och-o / -och-a | casocha barrigocha                                     | ?*burrocho   | ?*rapazocho<br>?*homocho  | pequenocho<br>gordocha<br>delgadocha | aumentativo despectivo 'tirando a' |
| 4. -uch-o / -uch-a | casucha  | ?*burrucho cabalucho                                 | homucho   | gorducho<br>'tirando a'              | despectivo                         |
| 5. -ex-o / -ex-a   | *casexa  | *burrexo   | *homexo   | *pequexexo                           | forma allea                        |
| 6. -ux-o / -ux-a   | *casuxa  | *burrucho  | *homuxo   | *pequexuxo                           | forma allea                        |
| 7. -ot-e / -ot-a   | casota   | cabalote   | Rapazote <sup>31</sup> (?lex.)<br>amigote <sup>32</sup> (desp.) | gordota<br>pequenota (desp.)         | hoxe: aumentativo ou despectivo    |

## 2. 2. Outros elementos excluídos da consideración de sufixos diminutivos productivos do galego actual

### 2. 2. 1. -ón / -on-a

Hoxe en día, se se engade *-ón* a unha base substantiva ou adxectiva, obtense un aumentativo (cf. *casa* → *casona* 'base + grande'; *libro* → *librón* 'base + grande'; *burro* → *burrón* 'base + grande'; *home* → *homón* 'base + grande'; *grande* → *grandón* 'máis ca grande'; *gordo* → *gordón* 'máis ca gordo'). Dende un punto de vista sincrónico *-ón* é, en consecuencia, un aumentativo no galego actual. Tamén no portugués de hoxe *-ão* indica un valor aumentativo (Cunha e Cintra, 1984, p. 91).

Sen embargo, historicamente este sufixo foi diminutivo en galego, tal como podemos ver nos topónimos galegos *Avión*, diminutivo de *Avia*, e *Dozón*, diminutivo de *Deza*; e nas seguintes palabras recollidas no concello de Castrelo do Val (Ourense): *carreirón* 'carreiro pequeno', *poulón* 'poulo pequeno', *pontón* 'ponte pequena' e *cordón* 'corda pequena'. Pero

<sup>31</sup> Porto Dapena, 1977, pp. 150-151, dálle valor despectivo, pero, a meu ver, quizás estea lexicalizado.

<sup>32</sup> Porto Dapena, 1977, pp. 150-151, resalta o valor despectivo.

a reconstrucción do significado ‘pequeno’ para *-ón* quizás só sexa posible dende un punto de vista diacrónico (*poul-ón* ‘poulo<sup>33</sup> + pequeno’). Por contra, en sincronía debemos interpretar este elemento como formante da base *poulón* ‘prado que se reseca pronto coa calor e dá pouco pasto’ (vid. García González, *sv. poulón*), xa que a segmentación e a conmutación non abundan para levarnos por camiño seguro, senón que temos que botar man do significado para que a formación resultante cumpra co dobre requisito de ser analizable en canto significante e en canto significado. Baixando ó detalle, o primitivo diminutivo lexicalizouse adquirindo o mesmo significado cá base ou valores novos non predicibles pola simple unión dese sufixo coa base. Así, por exemplo, *carreirón* cristalizouse no concello de Castrelo do Val co significado de ‘camiño estreito’ equiparándose con *carreiro* (cf. para o galego estándar Xove, *sv. carreiro*; e para o portugués Costa e Sampaio e Melo, *sv. carreiro*).

Así mesmo, Regueira, 1989, pp. 224-225, recolleu na Terra Chá outras palabras co diminutivo medieval *-ón*: *carretón*, forma lexicalizada para designar un obxecto máis pequeno ca unha *carreta*; *feirón*<sup>34</sup> ‘feira de menor importancia’; *tapón*, palabra petrificada que designa un obxecto máis pequeno ca unha *tapa*, etc.

Para outros idiomas románicos é moi interesante a información que fornecen Alvar e Pottier, 1987, pp. 374-376, os cales afirman que o elemento deste epígrafe deriva de *-ONE*, forma que en latín posuía carácter individualizador (ponderativo ou pexorativo), de onde saíron os valores aumentativo e diminutivo. En francés e catalán este sufixo continúa indicando un valor diminutivo e en castelán, á parte de que hoxe teña primordialmente un significado aumentativo, quedan restos dese primitivo valor diminutivo (*ratón*, *montón*), o cal algunhas veces se especializou para designa-la cría dos animais (*perdigón*) ou para indicar falta de desenvolvemento (*rabón*).

Por último, o elemento *-ón / -on-a* tamén se usa no galego actual para facer numerosas lexicalizacións: *aixada-aixadón*, *sala-salón*, etc.

## 2. 2. 2. *-ell-o / -ell-a*

O diminutivo latino *-ICULU* evolucionou en galego a *-ell-o*, elemento que primitivamente tivo un valor empequenedor e que o perdeu despois (Nunes, 1945, pp. 380-381) como se observa en *cortello*. Esta palabra pasou de significar ‘corte pequena’ a igualarse coa base e, en consecuencia, lexicalizarse co sentido de ‘corte’. No latín esta forma diminutiva xa se igualaba e substituíu á base. Así, *ovella* deriva de *OVICULA*, orixinariamente diminutivo de *OVIS* (Lathrop, 1984, pp. 47-48).

Para a maioría dos falantes do galego actual o elemento *-ell-o / -ell-a* non é productivo nin con substantivos (*\*casella*, *\*burrello*, *\*homello*) nin con adxectivos (*\*pequenello*). Non

<sup>33</sup> ‘Prado que se reseca pronto coa calor e dá pouco pasto’.

<sup>34</sup> No galego común *feirón* é ‘unha feira grande’.

obstante, segundo información do profesor A. Santamarina Fernández, na Fonsagrada este sufixo mantense vivo como despectivo (*nenello*).

### 2. 2. 3. *-ill-o / -ill-a*

Este elemento non é productivo como diminutivo no galego actual nin con bases substantivas (*\*casilla, \*burrillo, \*homillo*) nin con bases adxectivas (*\*pequenillo*).

A palabra hoxe lexicalizada *pontillón*<sup>35</sup> parece que permite unha análise diacrónica: *pont-ill-ón* = ‘base + pequeno + pequeno’. Pero, ó meu modo de ver, quizás sexa unha diminución con *-ón* dunha base cristalizada (*pontillo*), que presenta un *i* en vez dun *e* (*pontello / pontella*) por tratarse dunha forma semiculta<sup>36</sup> (cf. o semicultismo *pontigo*). O *i* tamén aparece na lexicalización *caravillón* (García González, *sv. carabillón*), feita sobre o semicultismo *caravillo* (García González, *sv. carabillo*), e na palabra lexicalizada *coucillón* ‘peza de madeira semicircular, que descansa sobre o eixe e levanta o leito do carro’. Deste último vocábulo tamén existe a variante con *e* *coucellón* (García González, *sv. coucillón*). Esta duplicidade (*coucillón / coucellón*) permíteme outra interpretación: en posición átona pretónica, a oposición fonolóxica entre vocais palatais neutralízase e, como consecuencia, a invariante /e/ pode realizarse como [e] ou como [i]. Esta neutralización de vocais palatais situadas en posición átona pretónica tamén se observa en *escaravellar / escaravillar, abelloado / abilloado, angarellar / angarillar*, etc.

Por outra parte, o exemplo *partilla* non serve para defende-la existencia no pasado do sufixo diminutivo galego *-ill-*, xa que *partilla* é un derivado deverbal regresivo feito sobre *partillar* (Costa e Sampaio e Melo, *sv. partilha*).

### 2. 2. 4. *-ull-o / -ull-a*

Hoxe non se pode segmentar sincronicamente un sufixo diminutivo *-ull-* que signifique ‘pequeno’ por non ser transparente, como se observa na palabra *agulla*, evolución galega dun primitivo diminutivo latino (ACUCULA) feito sobre ACUS (Lathrop, 1984, pp. 47-48). Igualmente, nas palabras *bagulla* e *bandullo* un falante normal non ve ningún sufixo.

En virtude disto e, especialmente, de que na actualidade o elemento *-ull-o / -ull-a* non é productivo como diminutivo nin con bases substantivas (*\*librullo, \*burrullo, \*homullo*) nin con bases adxectivas (*\*pequenullo*), exclúo esta terminación da lista de sufixos nominais diminutivos productivos do galego actual.

<sup>35</sup> ‘Pequeño puente rústico sin pretil’ (Carré Alvarelos, 1967, p. 55). No galego de Castrelo do Val a palabra *pontillón* tamén está lexicalizada.

<sup>36</sup> Williams, 1975, p. 47, cre que *sortilha* e *lentilha* resultaron da confusión dos sufixos *-ĭCULU* e *-ĭCULU*.

### 2. 2. 5. *-ec-o / -ec-a*

No mapa 90 do ALGA aparece *burr-èc-o*<sup>37</sup> co significado especializado de ‘cría de’ en Xinzo de Limia, Cualedro, Calvos de Randín, Baltar, Vilardevós e A Mezquita

No VOLGA rexístranse con esta terminación *foleco*, *caneco* e *caneca*, pero estas palabras están lexicalizadas, xa que *foleco* é unha variante de *fole* ou de *folepa* (García González, sv. *foleco*) e *caneco*<sup>38</sup> e *caneca*<sup>39</sup> non significan ‘cana pequena’ (Rodríguez González, sv. *caneco*).

No galego común, con substantivos cos trazos [+ contable] e [- animado] e cos trazos [+ animado] e [- humano] é un sufixo productivo con valor despectivo: *librèco* ‘libro malo’ (cf. con *libriño*); *burrèco* ‘burro malo’. Con substantivos co trazo [+ humano] non é productivo no galego de hoxe: *\*homèco*, *\*rapazèco*. Por tanto, non debe figurar na lista de sufixos diminutivos do galego actual. Tampouco figura na *Gramática galega*, nin en Saco Arce, 1868, nin en García de Diego, 1984. En apoio da miña teoría pode citar a Cunha e Cintra, 1984, p. 94, os cales din que *-ec-o / -ec-a* ten acentuado valor pexorativo (*folheca*, *jornaleco*, *livreco*) e a Lapa, 1979, p. 107, quen ve ese mesmo valor en *livreco*, *jornaleco*, *padreco*, *malandreco*, *revisteca*.

Con adxectivos este sufixo non é productivo no galego común, pero debeu existir en palabras, hoxe lexicalizadas, tales como *babec-o* ‘parvo’. Se se fai unha análise diacrónica nestas verbas, pódese discrimina-lo sufixo despectivo. Non obstante, en sincronía tal terminación é opaca.

### 2. 2. 6. *-ach-o / -ach-a*

Freixeiro Mato, 1996, p. 55, cita como exemplos diminutivos *lebracho* e *lobacho*; sen embargo, ó seren dous casos de especialización significativa en ‘cría de’ como podemos ver, respectivamente, en García González, sv. *lebracho* e en Rodríguez González, sv. *lobacho*, impiden que os poidamos considerar diminutivos vivos do galego actual. Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, pp. 92-93, citan *-ach-* entre os sufixos despectivos<sup>40</sup>: *corpacho*, *ricacho*, *riacho*<sup>41</sup>, *fiacho*, *ferragacho*<sup>42</sup> e din que os dous primeiros (*corpacho*, *ricacho*) poden ser simples aumentativos.

<sup>37</sup> Así mesmo tamén se documenta no mapa 89 do ALGA *parrèc-o*, vocábulo que semella derivarse de *parro* ‘pato’ (Real Academia Española, sv. *parro*), hoxe inexistente en galego.

<sup>38</sup> En portugués significa ‘vaso de madeira máis alto e máis estreito cá caneca’ (Costa e Sampaio e Melo, sv. *caneco*).

<sup>39</sup> En portugués significa ‘pequeno vaso cilíndico’ (Costa e Sampaio e Melo, sv. *caneca*).

<sup>40</sup> Carballo Calero, 1979, pp. 172-173, sitúa *-ach-* entre os sufixos despectivos e apreciativos.

<sup>41</sup> Cunha e Cintra, 1984, p. 92-95, citan *riacho* e *fogacho* con valor xeralmente pexorativo.

<sup>42</sup> *Ferregacho*, que ten unha variante *ferragacho*, lexicalizouse co significado de ‘anaco de ferro vello’ ou ‘obxecto de pouco valor’.

Ó meu ver, *-ach-* non é un sufixo diminutivo productivo no galego actual nin con bases substantivas nin con bases adxectivas, pois o significado resultante non é 'base + pequeno', senón 'base + valor despectivo (acompañado ou non do significado empequenedor)'. Así, *casacha*, *leiracha*, *fiacha* significan 'base + sen valor' ou significan 'base + pequeno + ruín'; *lobacho* expresa 'cría de lobo' ou 'lobo de pouco valor'; e *homacho* ten o sentido de 'home con matiz pexorativo'. Da mesma maneira, con bases adxectivas *-ach-* engade valores despreciativos: *pequenacho*, *gordacho*. Tampouco mentan como diminutivo este elemento estudiosos do portugués tales como Cunha e Cintra, 1984; Nunes, 1945; e Skorge, 1956-1957 e 1958.

O número de palabras con *-ach-* é realmente pequeno e a súa anfiboloxía pode deberse a que leva *a*, vocal neutra que vale para formar diminutivos, despectivos e aumentativos. Un caso particular, que axuda para unha mellor interpretación de *-ach-*, constitúe a palabra *ricachón* que se pode segmentar como *ric-ach-ón* = 'base + despectivo + aumentativo'.

### 2. 2. 7. *-at-o / -at-a*

A orixe deste elemento pode estar na alteración da vocal tónica do sufixo *-it-* (vid. Michaëlis de Vasconcelos, 1946, pp. 77-78), quizás confluindo con sufixos anteriores, de orixe prerromana. Os gramáticos galegos non inclúen *-at-* entre os diminutivos (vid. Freixeiro Mato, 1996, pp. 45-50), coa excepción de González Refoxo e Rábade Castiñeira, 1995, p. 44.

Con bases substantivas, *-at-* non é un sufixo diminutivo productivo no galego actual (*\*librata*, *\*rapazata*). Con bases adxectivas tampouco o é: *\*pequenata*. As palabras con este elemento, por exemplo *regato*, que se citan en diferentes traballos como diminutivos son lexicalizacións.

Cando *-at-* se une con bases substantivas cos trazos [+ animado] e [- humano] significa 'cría de', por exemplo *lobato* (cf. *lobiño* 'lobo pequeno'). Cunha e Cintra, 1984, pp. 92-95, din que este sufixo é raro en portugués e que aparece nuns poucos substantivos que normalmente expresan 'cría de' (*chibato*, *lobato*). Fernández Ramírez, 1986, p.55, sostén que en castelán se usa esta terminación para referirse ás crías dos animais: *lobato*, *cervato*, *jabato*; pero que non é diminutivo, xa que 'lobo pequeno' dise *lobito* e non *lobato*.

### 2. 2. 8. *-et-o / -et-a*

Este segmento non aparece ó mesmo tempo ca *-et-e / -et-a*, e iso lévame a pensar que compite con el. O sufixo *-et-o / -et-a*, como diminutivo, non presenta vitalidade en portugués. As palabras portuguesas con esa terminación (*poemeto*, *verseto*) son, en xeral, préstamos do italiano (Cunha e Cintra, 1984, pp. 92-95). É posible que *-et-e / -et-a* se adapte do sufixo francés *-ette* mentres que *-et-a / -et-o* se adapte do sufixo italiano *-eto*.

O elemento *-et-o / -et-a* non é un sufixo nominal diminutivo productivo no galego actual nin con bases substantivas (*\*cacheto*, *\*cabaleta*, *\*burreto*, *\*neneto*) nin con bases adxectivas

(\**pequeneto*, \**gordeto*<sup>43</sup>). Hoxe por hoxe, as palabras galegas con esta terminación ou ben están lexicalizadas ou ben son préstamos doutros idiomas. Entre as primeiras figuran: *caseto* (vid. García González, sv. *caseto*; e Xove, sv. *caseta*) e *galleto* ‘forca’ (vid. Xove, sv. *galleta* ou *galleto*). Entre as segundas: *soneto* (vid. Navaza Blanco, sv. *soneto*); *libreto* (vid. Xove, sv. *libreto*), etc.

### 2. 2. 9. -ot-o / -ot-a

A orixe de -ot-o / -ot-a- pode estar na alteración da vocal tónica do sufixo -it- (vid. Michaëlis de Vasconcelos, 1946, pp. 77-78), quizás confluindo con sufixos anteriores, de orixe prerromana. A súa vitalidade como sufixo diminutivo productivo do galego actual é nula, pois se intentamos engadilo a bases substantivas e a bases adxectivas para expresar ‘diminución’ obtemos palabras agramaticais: \**libroto*, \**homoto*, \**pequenoto*.

Apoiándome en Cunha e Cintra, 1984, pp. 92-95, os cales defenden que este sufixo é raro en portugués e que aparece nuns poucos substantivos designadores de crías de animais (*lebroto*, *perdigoto*), eu penso que, no galego actual, -ot-o / -ot-a- especializouse no sentido ‘cría de’ ó unirse a algunhas bases substantivas cos trazos [+ animado] e [- humano]. A palabra *perdigoto* exemplifica esta especialización.

### 2. 2. 10. -isc-o / -isc-a

Os autores que consideran este sufixo como diminutivo (vid. Nunes, 1945, p. 386; e Cunha e Cintra, 1984, pp. 92-95) non poñen ningún exemplo axeitado para corroborar tal interpretación. Así, *pedrisco* e *ventisca* non significan ‘pedra pequena’ e ‘vento pequeno’ respectivamente, senón que son formas cristalizadas. Da mesma maneira, *chuvisca* antes ca ‘chuvia pequena’ semella expresar ‘un tipo distinto de chuva’. Ademais -isc- non é un sufixo nominal diminutivo productivo do galego actual nin con bases substantivas nin con bases adxectivas, xa que para dicir ‘casa pequena’, ‘burro pequeno’, ‘home pequeno’ e ‘menos ca pequeno’ non son correctas as palabras \**casisca*, \**burrisco*, \**homisco* e \**pequenisco*.

Para Nunes, 1945, pp. 385-386, a orixe deste sufixo está no grego -iskós, que entrou no latín como -ESC e xeraría despois outras formas por cambio vocálico, ou no xermánico -isk. Para Cunha e Cintra, 1984, pp. 92-95, -isc probablemente se orixinou pola fusión do grego -iskós co xermánico -isk.

### 2. 2. 11. -cul-o / -cul-a

Este elemento só aparece en palabras tomadas directamente do dicionario latino tales como *montículo*, *retícula*, *opúsculo*, *versículo*, etc., e non pode soldarse con bases autóctonas

<sup>43</sup> Regueira, 1989, pp. 233-245, non o documenta unido a adxectivos no galego da Terra Chá.

galegas para xerar novas palabras que expresen unha minoración da base (\**casácula*, \**burróculo*, \**homéculo*, \**pequenóculo*). En consecuencia, este elemento queda excluído da lista de sufixos diminutivos productivos do galego actual e ademais non pode ser segmentado como sufixo diminutivo nunha análise sincrónica. Para demostrar isto último valereime da palabra *vernáculo*<sup>44</sup>, a cal non é transparente para un falante normal (ou ideal) da lingua galega.

Outros elementos excluídos da consideración de sufixos diminutivos productivos do galego actual aparecen recollidos resumidamente no seguinte cadro:

| Sufixo              | Base substantiva cos trazos [+ contable] e [- animado] | Base substantiva cos trazos [+ animado] e [- humano] | Base substantiva co trazo [+ humano] | Base adxectiva             | Características do sufixo                                       |
|---------------------|--|--|--------------------------------------|----------------------------|---|
| 1. -ón / -on-a      | casona   | burrón   | homón                                | grandón                    | aumentativo   |
| 2. -ell-o / -ell-a  | *casella<br>cortello (lex.)                            | *burrello<br>marrello (lex.)                         | *homello                             | *pequenello<br>nenello     | lexicalizado<br>despectivo dialectal                            |
| 3. -ill-o / -ill-a  | *casilla   | *burrillo  | *homillo                             | *pequenillo                | non productivo  |
| 4. -ull-o / -ull-a  | *librullo  | *burrullo  | *homullo                             | *pequenullo                | non productivo  |
| 5. -ec-o / -ec-a    | *caseca<br>libreco (desp.)                             | parreco (lex.)<br>burreco 'cría de'                  | *homeco                              | *pequeneco                 | despectivo<br>dialectal: 'cría de'                              |
| 6. -ach-o / -ach-a  | casacha<br>(despectivo)                                | lobacho 'cría de'                                    | homacho<br>(despectivo)              | pequenacho<br>(despectivo) | non productivo<br>despectivo<br>especializado para<br>'cría de' |
| 7. -at-o / -at-a    | *librata   | lobato 'cría de'                                     | *rapazata                            | *pequenata                 | non productivo<br>especializado para<br>'cría de'               |
| 8. -et-o / -et-a    | caseto<br>(lexicalizado)<br>*cacheto                   | *cabaleta<br>lobeto 'cría de'                        | *hometo<br>*neneto                   | *pequeneto                 | non productivo<br>especializado para<br>'cría de'               |
| 9. -ot-o / -ot-a    | *libroto   | *burroto<br>perdigoto 'cría de'                      | *homoto                              | *pequenoto                 | non productivo<br>especializado para<br>'cría de'               |
| 10. -isc-o / -isc-a | *casisca   | *burrisco  | *homisco                             | *pequenisco                | non é un auténtico<br>diminutivo                                |
| 11. -cul-o / -cul-a | opúsculo (lex.)<br>*casácula                           | *burróculo   | *homéculo                            | *pequenóculo               | elemento culto  |

<sup>44</sup> De *verna* 'esclavo nacido na casa' (Fernández Ramírez, 1986, p. 37).

### 3. REFORZOS DO ÚLTIMO SUFIXO DIMINUTIVO

#### 3.1. *-ich-*

Para Nunes, 1945, p.386, é un sufixo que non provén do latín senón de ISC(U)LU, cruzamento de ISCO + CULU. Este autor informa tamén de que para o primeiro elemento se ten proposto unha orixe a partir do grego *iskós* ou do xermánico *isk* e de que o sufixo latino *-culu* xa tiña en latín valor diminutivo. De tódolos xeitos, penso que é moi discutible a proposta etimolóxica deste autor.

No galego común o sufixo *-ich-* non é productivo como diminutivo: \**casicha*, \**lobicho*, \**homicho*. En galego, só se rexistra este elemento na palabra *burricho* ‘cría de burro’ na aldea zamorana de Porto (vid. mapa 90 do ALGA). Skorge, 1956-1957, p. 254, recolle *porquicho* ‘cría de porco’ no norte de Portugal. Por tanto, *-ich-* está especializado para expresar ‘cría de animal’ nalgunhas zonas do galego e do portugués.

O elemento *-ich-* úsase como reforzo doutro sufixo diminutivo, que ocupa unha posición máis periférica, e tamén admite antes del o intensificador *-err-* / *-irr-* (*-ich-iñ-o*; *-err-ich-iñ-o* / *-irr-ich-iñ-o*; *-err-ich-in* / *-irr-ich-ín*). Vexámo-la análise diacrónica dalgúns exemplos:

*pequen-ich-iñ-o*: ‘base + pequeno + pequeno + xénero masculino’.

*pouqu-ich-iñ-o*: ‘base + pequeno + pequeno + xénero masculino’.

*pequ-err-ich-iñ-o*: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’

*pequ-irr-ich-iñ-o*: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’

*pouqu-err-ich-iñ-o*: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’.

*pouqu-irr-ich-iñ-o*: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’.

*pequ-err-ich-ín*<sup>45</sup>: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’

*pequ-irr-ich-í-a*<sup>46</sup>: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero feminino’

Nunha análise sincrónica, *-ich-* significa ‘reforzo da diminución’ e deixa de ser un auténtico diminutivo, porque non pode ocupa-la última posición anterior ós sufixos obrigatorios de xénero e número nin pode expresar ‘pequeno’ el só sen axuda doutro sufixo diminutivo.

Na linguaxe infantil pode aparecer repetido, aínda que con certos límites: *pequ-irr-ich-ich-iñ-o*. Náñez, 1973, pp.42-43, cita para o castelán *chiquichicho* por *chiquitito*. En *chiquichicho* este autor ve unha palatalización da consoante *t* ante vocal palatal, se cadra reforzada por asimilación coa consoante inicial. En España, segundo Náñez, esta palatalización de certas consoantes dáse na linguaxe infantil. Así dise *chi* por *si*. É posible que as formas con *ch* teñan esta orixe e non a que propón Nunes (vid. *supra*).

<sup>45</sup> Vid. epígrafe 4.2.

<sup>46</sup> Vid. epígrafe 4.2.

O reforzo do último sufixo diminutivo aparece no seguinte cadro:

| Sufixo             | Base substantiva cos trazos [+ contable] e [- animado] | Base substantiva cos trazos [+ animado] e [- humano] | Base substantiva co trazo [+ humano] | Base adxectiva                  | Características do sufixo   |
|--------------------|--|--|--------------------------------------|---------------------------------|-----------------------------|
| 1. -ich-o / -ich-a | *casicha   | burricho 'crfa de'                                   | *homicho                             | *pequenicho<br>pequerrichichiño | Penúltima posición repítese |

#### 4. OS SUFIOS NOMINAIS DIMINUTIVOS PRODUCTIVOS DO GALEGO ACTUAL

##### 4.1. -iñ-o / -iñ-a

O sufixo latino -INU, que non era diminutivo (Nunes, 1945, pp. 379-380), evolucionou na maior parte do territorio galego a -iñ-o<sup>47</sup> e, na zona máis oriental, a -ín, dialectalismo que as gramáticas galegas non inclúen na lista de sufixos diminutivos (cf. Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986; Carballo Calero, 1979; Saco Arce, 1868).

En xeral, en toda a bibliografía sobre este tema salientase que -iñ- é o sufixo diminutivo máis frecuente na actualidade e o preferido pola variante estándar (vid. González Fernández, 1978; Porto Dapena, 1968; e Freixeiro Mato, 1996).

O afixo -iñ-o / -iñ-a é productivo tanto con bases substantivas (*casina, burriño, homiño*) coma con bases adxectivas (*pequeniño, gordiño*).

Ó se-lo sufixo diminutivo máis productivo do galego actual, cristalízase menos ca outros diminutivos. Con todo, tamén se documenta en palabras lexicalizadas tales como *fouciño* 'ferramenta agrícola composta por unha folla de metal afiada de forma moi curvada e dun mango curto' (Xove, sv. *fouciño*), *corpiño* 'peza de vestir feminina sen mangas e moi cinguida ó corpo, que cobre as costas e o peito ata o van' (Xove, sv. *corpiño*), *ferreiriño* 'paxaro insectívoro de pequeno tamaño' (Navaza Blanco, sv. *ferreiriño*), etc.

O elemento -iñ-o / -iñ-a non pode repetirse (\**casiñiña*, \**burriñiño*, \**rapaziñiño*, \**pequeniñiño*) pero si acumularse nunha mesma palabra con outros sufixos diminutivos que poden abandona-la última posición antes dos morfemas obrigatorios de xénero e número debido, probablemente, a que están comezando a lexicalizarse (*pequ-err-ech-iñ-o*, *pequ-err-iq-iñ-o*). En cambio, en portugués o sufixo -inh- pode repetirse (*amor-zinh-inh-inh-inh-inh-*

<sup>47</sup> Nos concellos ourensáns de Laza e Castrelo do Val documentei unha variante -in-o / -in-a condicionada foneticamente nas palabras *pequenino* e *menino* / *manino*.

*o*<sup>48</sup>) e abandona-la última posición anterior ós sufixos obrigatorios nominais (*sò-zinh-inh-o*, *sò-zinh-it-o*<sup>49</sup>, *var-inh-a-zit-a*<sup>50</sup>).

Nun traballo anterior (Alonso Núñez, 1999), observei que a distribución alomórfica deste diminutivo respondía a un condicionamento fonético non coincidente co formulado para o galego estándar por Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 84, e que tales usos non concordantes debían ser considerados lexítimos no galego normativo.

Así pois, a distribución dos alomorfos *-iñ-* e *-ciñ-* no galego actual responde a unha repartición condicionada foneticamente:

a) Úsase sempre *-ciñ-* cando a base remata en *-n*: *canciño*. En portugués, sen embargo, as palabras terminadas en vocal tónica nasal ou ditongo sempre presentan *-zinh-*: *orfãzinha*, *paizinho* (Vázquez Cuesta e Luz, 1983, pp. 379-380). No galego de Castrelo do Val (Alonso Núñez, 1999), a base rematada en ditongo esixe o alomorfo *-ciñ-* (*maiciña*, *irmauciño*).

b) Alternan *-ciñ-* e *-iñ-* cando a palabra remata en ditongo, en vocal tónica, en *-r* e en *-l* (cf. Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 84): *maiciña* ou *maíña*, *irmauciño* ou *irmauíño*, *peciño* ou *peíño*, *cafeciño* ou *cafeíño*, *mandilciño* ou *mandiliño*, *folciño* ou *foliño*, *florciña* ou *floriña*, *parciño* ou *pariño*. Discrepo de Freixeiro Mato, 1996, p. 92, quen parece atribuír *florciña* a castelanismo, xa que segundo el o castelán utiliza máis o interfixo *-c-*. Skorge, 1956-1957, p. 86, afirma que no norte de Portugal se usa *-zinh-* para o diminutivo dos substantivos que rematan en *-l* e en *-r*, mentres que no Algarve e no Alentejo se usan formas en *-inh-*. Os datos do concello de Castrelo do Val (Alonso Núñez, 1999), case lindante con Chaves, coinciden cos datos proporcionados por Skorge para o norte de Portugal.

c) No resto dos casos emprégase *-iñ-*: *burriño*, *saíña*. Nestes contextos, o brasileiro prefere *-zinh-* (*pobrezinho*), segundo o xuízo de Said Ali, 1971, pp. 54-55, e o portugués tamén pode utilizar *-zinh-* como documenta Lapa, 1979, pp. 108-113, en Garrett (*gravezinhas*) e Eça de Queiroz (*nomezinho*, *notazinhas*).

En resumo, o brasileiro prefere *-zinh-* sempre; o portugués parece que está expandindo *-zinh-* a tódolos contextos, aínda que os gramáticos non o recomentan nalgúns casos (*burrinho*, *sainha*); e o galego tamén semella estar estendendo *-ciñ-*<sup>51</sup>, pois aínda que hoxe non admite tal alomorfo nalgúns contornos (*burriño*, *saíña*), xa o tolera cando a base remata en ditongo, en vocal tónica, en *-r* e en *-l*.

<sup>48</sup> Recollido por Skorge, 1956-1957, p. 59.

<sup>49</sup> Skorge, 1956-1957, pp. 61-62, explica estas formas «porque *sòzinho* já soa a usado demais, por ser mais corrente do que o primitivo, na linguagem popular».

<sup>50</sup> A análise proposta considera que o significado 'xénero feminino' está expresado, primariamente, polo segmento *-a* e, secundariamente, polo morfo redundante *-a-*.

<sup>51</sup> Saco Arce, 1868, p. 47, informaba de que para o galego común os diminutivos de *caravel* e *altar* eran *caraveliño* e *altariño*.

A orixe de *-ciñ-o* está na propagación analóxica do *c* da variante *-cellus* do sufixo latino tónico *-ellus* e do alomorfo *-cullus* do sufixo latino átono *-ullus*. É conveniente recordar que o sufixo átono *-ullus* foi substituído xa no latín polo tónico *-ellus* (vid. Nunes, 1945, pp. 365-367; e Menéndez Pidal, 1904, p. 229-230).

O contexto no cal aparecía o alomorfo *-ciñ-* no portugués arcaico reconstruído Skorge, 1956-1957, pp. 84-85, a partir dos topónimos. Así, nos nomes de lugar domina *-inh-* (*Lagarinho*, *Casalinho*, *Carrasquinho*, *Caravelinha*) e o outro alomorfo só aparece cando a base remata en vocal nasal (*Quintásinha*), en ditongo nasal (*Cavalhõesinhos*) e en consoante nasal (*Monte de Bomzinho*). A partir destes contextos primixenios *-ciñ-* foise estendendo a outros e no momento actual a súa propagación no portugués é menor ca no brasileiro pero maior ca en moitas zonas dialectais do galego, pois dentro deste obsérvanse diferencias diatópicas.

#### 4. 2. *-ín / -í-a*

O elemento latino *-INU*, que non era diminutivo (Nunes, 1945, pp. 379-380), fíxose diminutivo no seu paso ó romance. Na maioría do galego evolucionou a *-iñ-o*, pero na área asturiana do bloque oriental (vid. Fernández Rei, 1990, p. 64 e pp. 139-151), que comprende a fala de Negueira de Muñiz (Lugo) e os falares galegos do occidente de Asturias, deu os seguintes resultados: *-ín* como masculino singular, *-í-a* como feminino singular, *-í-u-s* como masculino plural e *-í-a-s* como feminino plural (vid. tamén os mapas 89, 90, 91 e 92 do ALGA).

Santamarina, 1975, dera noticia deste sufixo diminutivo nas palabras *pueblíus*, *becerrín* e *paxaríus*. Para constata-la produtividade deste diminutivo con bases substantivas e con bases adxectivas na área asturiana do bloque oriental valíame dos seguintes exemplos de Babarro González, 1994: *casía*, *cabritíus*, *nenía*, *neníus* e *pequenín*<sup>52</sup>, e destoutros de Muñiz, 1978, pp. 247-250: *nenín*, *nenía*, *calèntín* e *calèntía*. Este último autor tamén rexistrou exemplos de acumulación nunha mesma palabra de dous sufixos diminutivos (*hom-iqu-ín*, *muller-iqu-í-a*) e de combinacións con outro sufixo orixinariamente diminutivo e o intensificador *-err- / -irr-* (*pequ-err-ich-ín / pequ-irr-ich-ín*, *pequ-err-ich-í-a / pequ-irr-ich-í-a*).

Aínda que se podería explicar *-ín / -í-a* e os elementos dos dous epígrafes subseguintes como alternantes dunha única forma subxacente, prefiro consideralos como unidades á parte marcadas como dialectalismos por mor de non seren as escollidas pola variedade estándar. Para optar por esta análise, baséome na independencia de todo sistema dialectal que propugna o estruturalismo (López Morales, 1989, p. 42) e no concepto de *lingua funcional* de Coseriu, 1987, p. 219-221, quen considera que cada variedade sincrónica, sintópica, sinstrática e sinfásica dunha lingua histórica ou diasistema constitúe unha lingua funcional. Da

<sup>52</sup> Este mesmo autor tamén rexistrou nesta área topónimos con este elemento: *Eirías*, Villalón.

observación destes datos dedúcese que o galego común se aproxima a unha lingua funcional pero que non coincide con ela, xa que nel existen diferencias, neste caso non só diatópicas senón tamén diastráticas e diafásicas ó seren *-ín / -í-a* e os elementos dos dous epígrafes subseguintes propios do nivel sociocultural non alto e do rexistro non formal.

#### 4. 3. *-ín / -í-a*

A terminación latina *-INU* deu na área ancaresa do bloque oriental galego *-ín* como masculino singular, *-í-a* como feminino singular, *-í-o-s* como masculino plural e *-í-a-s* como feminino plural (vid. Fernández Rei, 1990, p. 64 e pp. 139-151; e vid. tamén os mapas 89, 90, 91 e 92 do ALGA).

Fernández González, 1981, rexistrou o afixo diminutivo *-ín / -í-a* como diminutivo productivo nesta área dialectal tanto con bases substantivas coma con bases adxectivas. En virtude disto, débese incluír este sufixo entre os diminutivos productivos do galego actual, se ben hai que precisar que se trata dunha forma dialectal. Entre os exemplos tirados de Fernández González entresaco os seguintes: *butelín*<sup>53</sup>, *buqueirín*<sup>54</sup>, *cachín*, *cachĩus*, *cachorrín*, *cachorrĩus*, *cabalín*, *xatín*<sup>55</sup>, *xafĩa*, *borriquín / burriquín*<sup>56</sup>, *nuvelín*, *nenín*, *nenĩa*, *nenĩus*, *nenĩas*, *pequenín*, *pequenĩa*, *gurdín*, *gurdĩus*, etc.

#### 4. 4. *-ín / -iñ-a*

Nas subáreas da Fonsagrada-Cervantes, do Courel e do Bierzo, incluídas na área oriental-central do bloque oriental, o elemento latino *-INU* evolucionou a *-ín*. O plural de *-ín* nesta zona é *-iñ-o-s* e as formas femininas son *-iñ-a* para o singular e *-iñ-a-s* para o plural (vid. Fernández Rei, 1990, p. 64 e pp. 139-151; e vid. tamén os mapas 89, 90, 91 e 92 do ALGA).

O sufixo *-ín / -iñ-a* é productivo nas subáreas xa citadas con bases substantivas e con bases adxectivas como se observa nos exemplos tirados de Santamarina Fernández, 1972, pp. 130-133 e p. 483, *cachín*, *menín*, *meniña*, *grandín*, *grandiña*, *novín*, *noviña*, *pequenín*, *pequeniños*; e nestoutro sacado de Schubarth e Santamarina, 1984-1988, Vol. IV, p. 50, *cabritín*.

Por outra parte, o exemplo *pequerrechín* recollido por Santamarina Fernández, 1972, p. 138, proba que o elemento *-ín / -iñ-a* pode acumularse nunha mesma palabra con outro sufixo diminutivo (*-ech-*) e co intensificador *-err-*.

<sup>53</sup> Diminutivo de *butelo*, *botelo* (Fernández González, 1981, p. 230).

<sup>54</sup> Diminutivo de *buqueiro* 'pequena ventá que se fai no teito das casas para dar luces'. Tamén 'pequena abertura por onde se mete a herba nas palleiras' (Fernández González, 1981, p. 229).

<sup>55</sup> Diminutivo de *xato* 'tenreiro' (Fernández González, 1981, p. 404).

<sup>56</sup> Diminutivos de *borrico* / *burrico*, respectivamente (Fernández González, 1981, p. 230).

#### 4. 5. *-ic-o / -ic-a*

Na época imperial apareceron en diversas inscricións algúns nomes propios non latinos, especialmente de mulleres, terminados en *-iccu* e *-ittu*; de tales nomes xurdiron dous sufixos (*-ic-* e *-it-*) para a expresión da diminución e do cariño tanto con nomes propios como con nomes comúns e adxectivos (Nunes, 1945, p. 387).

Os investigadores portugueses non coinciden á hora de analiza-lo sufixo *-ic-o / -ic-a*: Vázquez Cuesta e Luz, 1983, p. 379, consideran que ten un valor despectivo; Cunha e Cintra, 1984, p. 94, pensan que non ten valor pexorativo; e Skorge, 1956-1957, p. 64, di que é característico do mirandés, onde *-inh-* só aparece en palabras prestadas do portugués, e que Leite de Vasconcellos o recolleu no norte da provincia trasmontana e na linguaxe corrente do Minho e na rexión de Entre-Douro-e-Minho.

En galego tamén se lle atribúe a *-ic-o / -ic-a* unhas veces valor diminutivo e outras diminutivo ou despectivo dependendo do contexto. Así, entre os primeiros figuran Porto Dapena, 1977, p. 143; e Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, pp. 85-93. Por contra, entre os segundos aparecen Regueira, 1989, pp. 215-216; e González Fernández, 1978, pp. 26-28. Esta última autora tamén di que na zona de Valdeorras e límite con León o diminutivo usual é *-ic-* e unicamente usan *-iñ-* afectivamente.

Ó meu xuízo, o elemento *-ic-*, igual cós demais diminutivos, ten un significado denotativo de aminoración da dimensión da base substantiva e de gradación minguidora da base adxectiva. Ademais posúe un valor connotativo, positivo ou negativo, que se pode erixir en exclusivo se o falante así o quere.

O sufixo *-ic-o / -ic-a* no galego actual é productivo como diminutivo e ademais é o segundo máis frecuente tanto con bases substantivas (*murico, casica, burrico, homico*) como con bases adxectivas (*pequenica, delagadica, novica*). Con todo, convén non desbota-la posibilidade de que sexa un dialectalismo no caso de que non exista en todo o territorio. Así, obsérvase que na toponimia de parte da provincia de Ourense, especialmente na zona oriental, na zona luguesa de Quiroga e na do galego de León e Zamora, son relativamente comúns os topónimos formados con este sufixo, por exemplo, os mapas 1:25.000 do IGN recollen nesa área *Lagoa do Burrico* e *As Searicas* (Viana do Bolo, Ourense), *Pedricos* e *Regueiro de Pedricos* (Vilardevós, Ourense), *Regueiro Burrical* (A Veiga, Ourense), *A Lamica* (A Mezquita, Ourense), *Porrica* (Calvos de Randín, Ourense), *A Pedra da Cerrica* (Riós, Ourense), *Lombo da Cerrica* (na estrema entre os concellos ourensáns de Castrelo do Val e Riós), *Barbañica* (entre os concellos ourensáns de Barbadás e San Cibrao das Viñas), *A Barca de Mancebico* (Quiroga), *Lagoa do Burrico* (Pias, Zamora), *Os Budulicos*, *O Soladico*, *A Portelica*, *Malladicas* e *Regato das Malladicas* (Hermisende, Zamora), *A Malladica* (Lubián, Zamora), *Malladicas Verdes* (Porto, Zamora) e *Cabanicos* (na estrema entre Rubiá -Ourense- e Bernuza -León-).

O sufixo *-ic-* pode ocupa-la penúltima posición antes dos sufixos obrigatorios (*fin-iquit-o* ‘delgadoño’<sup>57</sup>) e tamén admite diante del o intensificador *-err-* (*pequ-err-iqu-iñ-o*<sup>58</sup>). O feito de que poida ocupa-la penúltima posición demostra que posuía un valor autenticamente diminutivo ó minguar ou atenua-lo significado da base e tamén indica que é un sufixo máis gastado ca *-iñ-*, xa que este non pode aparecer en galego nese sitio por se-lo diminutivo máis productivo da lingua actual.

#### 4. 6. *-uc-o / -uc-a*

Este elemento faise sobre *-ic-* (vid. C. Michaëlis de Vasconcelos, 1946, pp. 77-78). No galego común este sufixo ten un claro valor pexorativo con bases substantivas (*casuca* ‘casa mala’, *libruco* ‘libro malo’, *becerruco* ‘becerro malo’, *mulleruca* ‘muller desprezable’). A vocal *u* conleva un significado despectivo (vid. Hanssen, 1913, p. 122, e Michäelis, 1946, p. 78). Se ben tamén pode ter a maiores un significado diminutivo, o contido despectivo é constante. Se confrontamos *becerriño* con *becerruco*, o primeiro, aínda que pode coller valores afectivos, significa normalmente ‘becerro pequeno’; sen embargo, *becerruco* significa ‘becerro malo’ ou tamén ‘becerro malo e pequeno’. No galego común o sufixo *-uc-o / -uc-a* non é moi usual con adxectivos: *baratuco*, *delgaduco* e cando se solda a eles adquire valor pexorativo<sup>59</sup>.

Agora ben, débese considerar que Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, citan *becerruco*, *patuco*, *fachuco*<sup>60</sup> e que García de Diego, 1984, p. 194, di que *-uc-* é un sufixo diminutivo de pouco uso e exemplifica con *mazuco* e *casuca*. Ante esta aparente contradicción, cabe formula-la hipótese de que dialectalmente *-uc-* teña un valor diminutivo. Apoian esta idea os datos de Regueira, 1989, p. 227 e p. 245, quen no seu estudio sobre a Terra Chá pensa que con substantivos pode ser diminutivo (*becerruco*, *ventanuco*<sup>61</sup> e *leiruco*) ou pexorativo (*leiruco*) e con adxectivos documenta *feituca* ‘ben feita’ con significado apreciativo, e os datos de Boullón Agrelo, 1992, p. 61, a cal rexistra este valor diminutivo e / ou afectivo nos versos de C.E. Ferreiro: *Dorna feituca do berce / a navegar polo ceo*. Así mesmo tamén a apoian os exemplos decimonónicos de Rosalía (*feituquiños*, *feituquiñas*) que recolle Freixeiro Mato, 1996, p. 125, e que mostran como este elemento podía ir na antepenúltima posición antes dos morfemas obrigatorios acumulado con *-iñ-*.

En portugués, Skorge, 1956-1957, pp. 64-68, só documenta *-uc-o / -uc-a* no mirandés e Cunha e Cintra, 1984, non o mencionan. En castelán este sufixo ten un valor despectivo (vid.

<sup>57</sup> Palabra recollida no concello de Castrelo do Val (Alonso Núñez, 1999).

<sup>58</sup> Vocábulo recollido por Regueira, 1989, p. 283.

<sup>59</sup> González Fernández, 1978, pp. 19-39, considera que este sufixo, cando se une con bases adxectivas, é diminutivo con valor despectivo.

<sup>60</sup> Para min *patuco* e *fachuco* están lexicalizados.

<sup>61</sup> É unha palabra que non admite o galego normativo (vid. Xove, *sv. ventanal*).

Hanssen, 1913, pp. 152-153), pero en Santander é diminutivo (vid. Romero Gualda, 1989, pp. 53). Da mesma maneira, no galego común é despectivo pero nalgunhas zonas, aínda non delimitadas, é simplemente diminutivo.

#### 4. 7. *-it-o / -it-a*

Este sufixo non aparece entre os diminutivos na *Gramática galega* (Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, pp. 81-90) e Freixeiro Mato, 1996, tampouco o recolle; sen embargo, os gramáticos portugueses sempre destacaron que *-it-* era o segundo diminutivo máis frecuente en portugués (vid. Cunha e Cintra, 1984, pp. 92-95; e Vázquez Cuesta e Luz, 1983, pp. 379-380).

A orixe deste afixo non é latina (Menéndez Pidal, 1904, p. 234; Hanssen, 1913, pp. 121-155; e Nunes, 1945, p. 387). A hipótese máis defendible sobre a procedencia deste elemento é a de Diez. Segundo este autor, a terminación *-ito* (< -ITTU) puido principiar polos nomes propios e ter orixe xermánica (cit. por Hanssen, 1913, p. 151; vid. tamén Piel e Kremer, 1976, p. 341, 'IT(T)US'), e a partir de aí estenderíase ós nomes comúns, en competencia con outros sufixos diminutivos, con maior ou menor éxito dependendo das zonas dialectais.

Así, en castelán erixiuse en sufixo dominante; en portugués no segundo máis frecuente e, en galego, existe, como demostrarei a continuación, pero semella estar perdendo vixencia.

En galego, Regueira, 1989, pp. 137-232 e 233-245, detectouno en palabras lexicalizadas (*pedrita* 'pedra de froita', *forquito / forquita* e *cabrito*) e en vocábulos que amosan *-it-* como sufixo transparente con valor empequenedor (*parrochita* e *delgadito*). Igualmente, eu rexistreino na fala de Castrelo do Val (Alonso Núñez, 1999) en palabras cristalizadas (*librito* 'mazo de papel de fumar', *saquito* 'bolsa para leva-la merenda ó monte' e *saquita* 'bolsa para leva-la merenda ó monte') e noutras verbas que permiten illar *-it-* como auténtico diminutivo no galego desta zona; entre as palabras recollidas en Castrelo do Val con este sufixo transparente hai substantivos (*casupita*, *saquito* 'saco pequeno'), adxectivos (*pequenito*, *finiquito* 'delgadinho', *rubito*) e cuantificadores (*todito*, *nadita*). Con todo, o uso de tal sufixo mingua entre a xente máis nova de Castrelo do Val debido probablemente a que coincide co maioritario en castelán.

O sufixo *-it-o / -it-a* está máis limitado no galego actual ca *-iñ-o / -iñ-a* para agregarse a calquera base nominal. Unhas veces a razón da limitación está no bloqueo que sofre este elemento para expresar un contido diminutivo cando xa existe unha palabra lexicalizada formada co afixo *-it-*. Así para 'cabra pequena' e para 'libro pequeno' non se tende a usar *cabrita* e *librito*, respectivamente, xa que ámbalas dúas formas xa existen para expresar 'cría de cabra' e 'mazo de papel de fumar'. Outras veces o motivo da restricción quizás se deba á perda de vitalidade que está sufrindo este sufixo.

Así a todo, no galego actual, o segmento *-it-o / -it-a* pode unirse con bases substantivas (*casita*, *casupita*, *burrito*, *nenita*) e con bases adxectivas (*pequenito*, *gordito*); pero non pode

repetirse (\**pequen-it-it-o*) nin ocupa-la penúltima posición antes dos morfemas obrigatorios acumulado con outros diminutivos. Por contra, en castelán (vid. Nández, 1973, p. 42), pode repetirse (*chiqu-it-it-o*), pode ocupa-la penúltima posición antes dos morfemas obrigatorios de xénero e número (*chiqu-it-ín*) e pode admitir un intensificador antes del cando se repite (*chiqu-irr-it-it-o*) e cando abandona a última posición anterior ós morfemas obrigatorios (*chiqu-irr-it-ín*, *chiqu-irr-it-in-ín*). En portugués, tamén pode deixa-la última posición (*pequen-it-ich-inh-o*<sup>62</sup>).

Con estes datos, podo concluír que: a) *-it-* debe figurar na lista de sufixos diminutivos do galego actual; b) non se sabe se é un sufixo dialectal, só presente nalgúns zonas, por mor de non termos datos sobre este elemento en todo o territorio galego; e c) parece estar perdendo vitalidade entre os falantes máis novos ó ser interpretado como un elemento alieo ó galego.

#### 4. 8. *-et-e / -et-a*

Skorge, 1956-1957, p. 55, pensa que *-et-e / -et-a* foi empregado primeiramente en substantivos de procedencia francesa como *filete*. Despois uniuse a palabras patrimoniais portuguesas, por exemplo, *diabrete*, *malandrete*. Hanssen, 1913, p. 152, cre que é de procedencia francesa e que se propagou en castelán retendo, nalgúns casos, a forza diminutiva. Tamén Fernández Ramírez, 1986, p.34, di que en castelán son numerosos os substantivos en *-et-* de orixe francesa (*filete*, *taburete*, *paquete*) e frecuentes os préstamos do catalán (*retrete*, *bonete*) e do italiano (*sorbete*, *clarinete*). Veña de onde veña *-et-*, é evidente que se trata dun sufixo estraño tanto en galego<sup>63</sup> coma en portugués. En vista disto, debemos actuar con cautela na análise daquelas palabras que presenten esta terminación. Así, nas palabras estranxeiras non debemos segmenta-lo sufixo porque non existe como tal; por contra, debemos consideralo como sufixo diminutivo cando ó engadirse a unha base xenuinamente galega signifique ‘pequeno’. En todos aqueles casos que non segmentémo-lo sufixo podemos falar de lexicalización, por exemplo, *banquete*, *foguete*, *clarinete*, *cabalete*, etc.

Hai autores coma Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, que consideran este sufixo como simplemente diminutivo e outros que coidan que, en ocasións, ten matices despectivos ou burlóns (vid. Lázaro Mora, 1977, para o castelán). En xeral, podemos dicir que con bases substantivas este sufixo ten un significado diminutivo despectivo (*librete*). Aínda sendo *-et-* un sufixo productivo en galego, hai moitas palabras que non o admiten, xa que este elemento habilítase moitas veces para facer lexicalizacións. De tal xeito que se queremos dicir ‘casa pequena’ temos que utilizar *casiña* e non *caseta*, palabra lexicalizada co significado de ‘choza’, nin *casete*, palabra estranxeira que evidentemente non significa ‘casa pequena’. Se queremos expresar ‘cabalo pequeno’, non podemos usar *cabalete* senón que

<sup>62</sup> Exemplo tirado de Vilela, 1994, p. 60.

<sup>63</sup> Saco Arce, 1868, non o rexistra.

temos que dicir *cabaliño*. En consecuencia, a produtividade deste sufixo vese limitada no galego actual porque existe unha relación inversa entre, por un lado, a vixencia expresiva e a vitalidade expansiva dun sufixo e, por outro, o número de lexicalizacións. Así, canto máis actuante sexa un sufixo, menor será o número das súas lexicalizacións, e viceversa. Para corroborar esta hipótese vale o castelán. Nesta lingua, os sufixos *-et-* e *-ill-* minguan as posibilidades de unirse con diferentes bases por mor de seren os máis presentes en lexicalizacións (Náñez, 1973, p. 378).

Por outra parte, aínda que as lexicalizacións se acostuman a dar cos elementos máis antigos e gastados, en galego este sufixo tende a petrificarse, por ser en orixe unha forma allea.

Con todas estas restricións considero que este sufixo é productivo no galego actual cun valor diminutivo despectivo (*librete*, *burrete*, *rapacete*, *rapaceta*) e, en ocasións, con algunhas bases quizás só diminutivo (*rapacete*, *mandilcete*, *saqueta*<sup>64</sup>). A dificultade para determinar un valor ou outro agrándase cando non sabémo-la entoación e a intención con que un falante pronuncia o vocábulo. No mapa 90 do ALGA, non aparece coa base *burr-* para significar ‘cría de burro’, que era o que se preguntaba na enquisa. No galego común *burrete* significa ‘persoa parva que se parece a un burro’. Este valor despectivo que aparece en *burrete* fainos dubidar se este sufixo é productivo como diminutivo no galego actual; sen embargo, eu creo que pode ser productivo adquirindo en moitas ocasións matices despectivos, os cales non sempre se derivan da base léxica.

Con adxectivos o sufixo *-et-* ten tamén un valor diminutivo con matices despectivos na maior parte dos casos (*pequenete*, *gordeta*, *regularcete*), pero non sempre (*pequenete*, *gordeta*, *regularcete*).

Este sufixo non se pode repetir (*\*pequenete*) nin pode ocupa-la penúltima posición anterior ós sufixos obrigatorios (*\*pequenetiño*) nin, en consecuencia, permite a acumulación dun sufixo diminutivo despois del, se previamente non se produciu unha lexicalización. Así, sobre *xoguete*, forma lexicalizada, faise *xoguetiño* ‘xoguete pequeno’.

#### 4.9. *-ech-o / -ech-a*

É un sufixo de orixe non latina. Provéen de *esc(u)lu*, cruce de ESCO + CULU (vid. Nunes, 1945, p.386). Tamén se pode pensar que se creou a partir de *ich*, forma diminutiva en vasco tal e como explica Náñez, 1973, pp. 42-43.

Skorge, 1956-1957, p. 57, só rexistra con esta terminación *ventrecha* ‘posta de peixe, inmediata à cabeza’, forma lexicalizada. Regueira, 1989, p. 207, dálle a *-ech-* cando se une con bases substantivas un valor diminutivo-despectivo (*cornecho*) e o mesmo facía García de

<sup>64</sup> *Saqueta* é unha palabra que pode significar ‘saca pequena’ e, en consecuencia, conter un diminutivo ou ben pode estar lexicalizada e referirse a un obxecto distinto dunha *saca*.

Diego, 1984, p. 188, (*cornecho*, *ventrecha*). En Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 88, aparece *-ech-* entre os sufixos diminutivos; pero os exemplos aducidos con bases substantivas están lexicalizados no galego actual: *fendecha* ‘fenda’ ou ‘parte pudenda da muller’ (Rodríguez González, sv. *fendecha*); *folecho* é unha variante de *fol* (García González, sv. *folecho*); *rabecho* é unha forma lexicalizada que significa ‘impertinente’ (García González, sv. *rabecho*); e *cornecho* tamén está petrificado hoxe en día (García González, sv. *cornecho*).

Así pois, con bases substantivas, *-ech-* non é un sufixo diminutivo productivo no galego actual: *\*casecha*, *\*burrecho*, *\*rapacecho*. As formas substantivadas *pequecho* e *pequerrecho* significan ‘nenó’ e están cristalizadas. Pola contra, este sufixo pode unirse con bases adxectivas (*gordo* + *ech-o* → *gordecho*, *grande* + *ech-o* → *grandecho*), aínda que con certas restricións. Así, engádesse especialmente a adxectivos que expresan un concepto obxectivo, especialmente dimensional<sup>65</sup> (*grandecho*, *pequenecho*, *longuecho*, etc.), e a algún adxectivo subxectivo de valoración (*malecho*) pero, neste caso, con moitas excepcións (*\*limpecho*, *\*pobrecho*). Así mesmo semella que non pode ligarse con adxectivos subxectivos que indican a inclinación humana (*\*celosecho*, *\*listecho*, etc.). Ó unirse con adxectivos, *-ech-* tende a adquirir valores despectivos (*malecho*). Pero para algúns falantes tal segmento non sempre é despectivo (*malecho* = *maliño*, *grandecho* = *grandiño*). Polo momento, ignoro se o uso de *-ech-* como diminutivo responde a unha distribución dialectal, pero é posible que así sexa. Tendo en conta que carezo de máis datos cós expostos, opto, dun xeito provisional, por clasifica-lo elemento *-ech-* como sufixo nominal diminutivo do galego actual cando se liga con algúns adxectivos.

Por outra parte, *-ech-* úsase como reforzo doutro afixo diminutivo, que ocupa unha posición máis periférica e tamén admite antes del o intensificador *-err-* / *-irr-* (*-ech-iñ-o*; *-err-ech-iñ-o* / *irr-ech-iñ-o*; *-err-ech-ín*). Vexámo-la análise diacrónica dalgúns casos de acumulación:

*pequen-ech-iñ-o*: ‘base + pequeno + pequeno + xénero masculino’.

*pouqu-ech-iñ-o*: ‘base + pequeno + pequeno + xénero masculino’.

*pequen-err-ech-iñ-o*: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’

*pequ-err-ech-iñ-o*: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’ (cf. *\*pequerro*; pero *pequ-ech-o*<sup>66</sup>).

*pouqu-err-ech-iñ-o*: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’.

*pouqu-irr-ech-iñ-o*: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’.

*pequ-err-ech-ín-ø*<sup>67</sup>: ‘base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino’

<sup>65</sup> Así a todo, hai algúns adxectivos deste tipo que non admiten *-ech-* como sufixo diminutivo (*\*altecho*).

<sup>66</sup> Para uns falantes, *pequecho* como adxectivo indica diminución do tamaño e asemade pexoración como podemos observar no exemplo *casa pequecha* ‘casa pequena e mala’. Pero, para outros falantes, *pequecho* como adxectivo só indica diminución do tamaño.

<sup>67</sup> Vid. Santamarina Fernández, 1972, p. 138.

O feito de que *-ech-* abandone a última posición anterior ós sufixos obrigatorios indica o seu desgaste e, por tanto, a súa progresiva lexicalización no galego actual.

Os sufixos nominais diminutivos productivos do galego actual podémolos ver no seguinte cadro:

| Sufixo             | Base substantiva cos trazos [+ contable] e [- animado] | Base substantiva cos trazos [+ animado] e [- humano] | Base substantiva co trazo [+ humano] | Base adxectiva                      | Características do sufixo                         |
|--------------------|--|--|--------------------------------------|-------------------------------------|---|
| 1. -iñ-o / -iñ-a   | casíña   | burriño  | homiño                               | pequeniño                           | moi frecuente<br>moi productivo                   |
| 2. -ín / -í-a      | casía  | becerrín   | nenía                                | pequenín                            | +dialectal  |
| 3. -ín / -i)-a     | butelín  | cabalín  | neni)a                               | pequenín                            | +dialectal  |
| 4. -ín / -iñ-a     | cachín   | cabritín   | menín<br>meniña                      | grandín<br>pequeniños               | +dialectal  |
| 5. -ic-o / -ic-a   | casica   | burrico  | homico                               | pequenico                           | ?dialectal  |
| 6. -uc-o / -uc-a   | casuca   | cabaluco   | homuco                               | pequenuco<br>gorduco                | +dialectal<br>+despectivo no<br>galego común      |
| 7. -it-o / -it-a   | casita   | burrito  | rapacito                             | pequenito                           | ?dialectal  |
| 8. -et-e / -et-a   | librete (desp.)<br>mandilcete                          | burrete (desp.)<br>lobete                            | homete                               | pequenete<br>gordeta<br>regularcete | tendencia a ser<br>despectivo, pero<br>non sempre |
| 9. -ech-o / -ech-a | *casecha   | *burrecho  | *homecho<br>pequecho (lex.)          | pequecha<br>gordecho                | só con algúns<br>adxectivos<br>?despectivo        |

## BIBLIOGRAFÍA

- ALGA = *Atlas Lingüístico Galego. Vol. 2: Morfoloxía non verbal*, Instituto da Lingua Galega, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1995.
- Alonso, Amado, “Noción, emoción, acción y fantasía en los diminutivos”, en *Estudios lingüísticos. Temas españoles*, Madrid, Gredos, 1982, 3ª ed., pp. 161-189.
- Alonso Núñez, A. S., “Os sufixos nominais diminutivos *-iñ-o / -iñ-a, -it-o / -it-a* e *-ic-o / -ic-a* na fala do concello de Castrelo do Val”, A Coruña, *Cadernos de Lingua* 20, 1999, pp. 127-143.
- Alvar, M. e Pottier, B., *Morfología histórica del español*, Madrid, Gredos, 1987.
- Álvarez Blanco, R. e Monteagudo Romero, H., “Evolución lingüística interna I. Gramática”, en G. Holtus, M. Metzeltin e C. Schmitt (eds.), *LRL*, Volume VI, 2, Tübingen, Niemeyer, 1994, pp. 1-21.
- Álvarez Blanco, R., Monteagudo, H. e Regueira, X. L., *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1986.

- Babarro González, X., "A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e caracterización das falas de transición dos concellos de Navia, Villalón, Allande e Ibias", en F. Fernández Rei (ed.), *Lingua e cultura galega de Asturias*, Vigo, Xerais, 1994.
- Bosque, I., *Las categorías gramaticales. Relaciones y diferencias*, Madrid, Síntesis, 1989.
- Boullón Agrelo, A. I., "Substantivo e adxectivo", en R. Álvarez (coord.), *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. 1, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1992, pp. 53-86.
- Bühler, K., *Teoría del lenguaje*, Madrid, Selecta de Revista de Occidente, 1967.
- Carballo Calero, R., *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia, 1979, 7ª ed.
- Carré Alvarellos, L., *Gramática gallega*, A Coruña, Moret, 1967.
- Catalán, D., "La toponimia del diminutivo y la re-romanización de Hispania", en *Las lenguas circunvecinas del castellano*, Madrid, Paraninfo, 1989.
- Coseriu, E., "Sistema, norma y habla", en *Teoría del lenguaje y lingüística general*, Madrid, Gredos, 1969, pp. 11-113.
- Coseriu, E., *Gramática, Semántica, Universales*, Madrid, Gredos, 1987.
- Costa, J. Almeida e Sampaio e Melo, A., *Dicionário da língua portuguesa*, Lisboa, Porto Editora, 1983, 5ª ed.
- Cunha, A. G. da, *Dicionário etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira, 1982.
- Cunha, C. e Cintra, L. F. Lindley, *Nova gramática do português contemporâneo*, Lisboa, Sá da Costa, 1984.
- Eco, U., *Tratado de semiótica general*, Barcelona, Lumen, 1977.
- Eco, U., *Semiótica y filosofía del lenguaje*, Barcelona, Lumen, 1998.
- Fernández González, J. R., *El habla de Ancares (León). Estudio Fonético, Morfosintáctico y Léxico*, Oviedo, Gráficas Summa, 1981.
- Fernández Ramírez, S., *La derivación nominal*, (ordenado, anotado y dispuesto para la imprenta por I. Bosque), Madrid, Real Academia Española, Anejo XL, 1986.
- Fernández Rei, F., *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais, 1990.
- Freixeiro Mato, X. R., *Os diminutivos en galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1996.
- García González, C., *Glosario de voces galegas de hoxe*, Santiago de Compostela, anexo 27 de *Verba*, 1985.
- García de Diego, V., *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología) 1909*, Santiago de Compostela, Anexo 23 de *Verba*, 1984.
- García-Lozano, F., "Los compuestos de sustantivo + adjetivo del tipo *pelirrojo*", en Soledad Varela (ed.), *La formación de palabras*, Madrid, Taurus, 1993, pp. 205-214.

- González Fernández, I., *Sufijos nominales en el gallego actual*, Santiago de Compostela, Anexo 11 de *Verba*, 1978.
- González Ollé, F., *Los sufijos diminutivos en castellano medieval*, Madrid, RFE, anejo LXXV, 1962.
- González Refoxo, M. A. e Rábade Castiñeira, X. C., *E non chegou a ser palabra... Afixos léxicos. Sufixación e prefixación lexical*, A Coruña, AS-PG, 1995.
- Hanssen, F., *Gramática histórica de la lengua castellana*, Halle, Niemeyer, 1913.
- Hasselrot, B., *Études sur la formation diminutive dans les langues romanes*, Uppsala, Lundequistska, 1957.
- Lapa, M. Rodrigues, *Estilística da Língua portuguesa*, Coimbra, Coimbra Editora, 1979, 10ª ed.
- Lathrop, T. A., *Curso de gramática histórica española*, (coa colaboración de J. Gutiérrez Cuadrado), Barcelona, Ariel, 1984.
- Lázaro Carreter, F., “Consonantes antihíaticas en español”, en *Homenaje a Antonio Tovar ofrecido por sus discípulos, colegas y amigos*, Madrid, Gredos, 1972, pp. 253-264.
- Lázaro Mora, F. A., “Morfología de los sufijos diminutivos -ito(a), -ico(a), -illo(a)”, Santiago de Compostela, *Verba* 4, 1977, pp. 115-127.
- López Morales, H., *Sociolingüística*, Madrid, Gredos, 1989.
- Machado, J. P., *Dicionário etimológico da Língua Portuguesa*, Lisboa, Livros Horizonte, 5 vols., 1995, 7ª ed.
- Malkiel, Y., “Los interfijos hispánicos. Problema de lingüística histórica y estructural”, en Diego Catalán (ed.), *Miscelánea Homenaje a André Martinet. Vol. 2: Estructuralismo e historia*, La Laguna, Ediciones de la Universidad, 1958, pp. 107-199.
- Martínez, J. A., “Los elementos de la gramática y el género en castellano”, en *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, Oviedo, Universidad de Oviedo, 1977, I, pp. 165-192.
- Mel’čuk, I. A., *Towards a language of linguistics. A system of formal notions for theoretical morphology*, Munich, Wilhelm Fink Verlag, 1982.
- Menéndez Pidal, R., *Manual de gramática histórica española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1904.
- Michaëlis de Vasconcelos, C., *Lições de Filologia portuguesa, seguidas das Lições Práticas de Português Arcaico*, Lisboa, Dinalivro, 1946.
- Monterrubio Prieto, J. M., “La disminución léxica, ¿un concepto exclusivamente nominal?”, *Verba* 17, 1990, pp. 77-92.
- Muñiz, C., *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*, Amsterdam, Academische Pers, 1978.
- Náñez Fernández, E., *El diminutivo. Historia y funciones en el español clásico y moderno*, Madrid, Gredos, 1973.

- Navaza Blanco, G. (coord.), *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais, 1993, 3ª ed.
- Nyrop, K., *Grammaire historique de la langue française, t. II: Formation des mots*, Copenhague, G. Boghandel N. Forlag, 1936, 2ª ed.
- Nunes, J. J., *Compêndio de gramática histórica portuguesa. Fonética, Morfologia*, Lisboa, Livraria Clássica Ed., 1945, 3ª ed.
- Pena, J., “Sobre los modelos de descripción en morfología”, Santiago de Compostela, *Verba* 17, 1990, pp. 5-75.
- Pena, J., “La palabra: estructura y procesos morfológicos”, Santiago de Compostela, *Verba* 18, 1991, pp. 69-128.
- Pena, J., “La formación de verbos en español: la sufijación verbal”, en Soledad Varela (ed.), *La formación de palabras*, Madrid, Taurus, 1993, pp. 217-281.
- Piel, J. M. e Kremer, D., *Hispano-Gotisches Namenbuch*, Heidelberg, Carl Winter, 1976.
- Porto Dapena, J. A., *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Santiago de Compostela, Anexo 9 de *Verba*, 1977.
- Porto Dapena, X. A., “Estudo morfo-semántico do apreciativo galego. ¿O sufixo *-iño*, diminutivo garimoso?”, Vigo, *Grial* 22, 1968, pp. 412-424.
- Pottier, B., “Los infijos modificadores en portugués”, en *Lingüística moderna y filología hispánica*, Madrid, Gredos, 1968, pp. 161-186.
- Real Academia Española, *Diccionario de la Lengua Española*, Madrid, Espasa / Calpe, 2 vols., 1984, 20ª ed.
- Regueira, X.L., *A fala do norte da Terra Cha. Estudio descritivo*, Tese de Doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 1989.
- Rodríguez González, E., *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. I, A-CH, II, D-M, III, P-Z*, Vigo, Galaxia, 1958, 1960, 1961, respectivamente.
- Romero Gualda, Mª. V., *El nombre: sustantivo y adjetivo*, Madrid, Arco-Libros, 1989.
- Saco Arce, J. A., *Gramática Gallega*. Lugo, Imprenta de Soto Freire, 1868.
- Said Ali, M., *Gramática Histórica da Língua Portuguêsa*, Rio de Janeiro, Livraria Acadêmica, 1971, 10ª ed.
- Santamarina, A., “Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)”, Santiago de Compostela, *Verba* 2, 1975, pp. 307-323.
- Santamarina Fernández, A., *El habla del Valle de Suarna*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago Compostela, 1972.
- Scalise, S., *Morfología generativa*, traducción de J. Pazó e adaptación de S. Varela, Madrid, Alianza Editorial, 1987.
- Schubarth, D. e Santamarina, A., *Cancioneiro popular galego. Vol. I. Oficios e labores. Vol. II. Festas do ciclo anual. Vol. III. Romances tradicionais. Vol. IV. Romances novos*,

- cantos narrativos, sucesos e coplas locais. Vol. V. Cantos dialogados*, A Coruña, Fundación P. Barrié de la Maza, 1984-1988.
- Simone, R., *Fundamentos de lingüística*, Barcelona, Ariel, 1993.
- Skorge, S., “Os sufixos diminutivos em português”, Lisboa, *Boletim de Filologia* 16, 1956-1957, pp. 50-90 e pp. 222-305; 17, 1958, pp. 20-53.
- Väänänen, V., *Introducción al latín vulgar*, versión española de Manuel Carrión, Madrid, Gredos, 1975.
- Varela Ortega, S., *Fundamentos de morfología*, Madrid, Síntesis, 1990.
- Vázquez Cuesta, P. e Luz, A. Mendes da, *Gramática da Língua Portuguesa*, Lisboa, Edições 70, 1983.
- Vilela, M., *Estudos de Lexicologia do Português*, Coimbra, Almedina, 1994.
- VOLGA = *Vocabulário ortográfico da língua galega*, Instituto da Língua Galega e Real Academia Galega, 1990.
- Williams, E. B., *Do latim ao português*, tradução de Antônio Houaiss, Rio de Janeiro, Tempo Brasileiro, 1975, 3ª ed.
- Xove, X. (dir.), *Diccionario da lingua galega*, Vigo, Obradoiro-Santillana, 1995.
- Zuloaga Ospina, A., “Las funciones del diminutivo en español”, Bogotá, *Thesaurus* 25, 1, 1970, pp. 23-48.